

rural

O Concello de Lugo levará a cabo traballos de debrozamento para evitar incendios. **Páx. 2**

infraestruturas

A reforma de Fermín Rivera permitirá mellorar a zona de forma ambiental e funcional. **Páx. 4**

cultura

Abraham Cupeiro protagonizará un concerto histórico para concluir o Arde Lucus 2026. **Páx. 10**

sociedade

Presentan unha actividade para promover a observación da eclipse total de sol en agosto. **Páx. 11**

deportes

O novo videomarcador do Pazo moderniza a instalación e abre novas posibilidades **Páx. 30**

O rural de Lugo, máis conectado que nunca



Sen consenso no PIA do Sagrado Corazón

Os veciños denuncian a masificación e o impacto social do proxecto, polo que piden cambios. **Páx. 6**

Cuarta etapa de 'La Vuelta Femenina'

A provincia de Lugo será nun dos grandes focos do ciclismo internacional o 6 de maio. **Páx. 20**

Club Valle Inclán



O club continúa, 60 anos despois, coa súa misión de dinamizador cultural. **Páx. 13**

30 anos de Down Lugo



Garanten a protección e os dereitos das persoas con síndrome de Down. **Páx. 15**

Aliad Ulteira



A Asociación traballa e axuda a tres colectivos en risco de exclusión social. **Páx. 17**

Carmela López reuniuse con Alfonso Rueda

A presidenta da Deputación entregou un decálogo para o futuro da provincia de Lugo. **Páx. 29**



ifi
figueiras
ORTODONCIA

EXCLUSIVIDAD
para la **SALUD**
de tu **SONRISA**

Especialistas centrados en:

- Ortodoncia infantil y adultos
- Ortodoncia invisible
- Problemas de Oclusión y Función
- Articulación Temporomandibular - Bruxismo
- Diseño de sonrisa
- Ortopedia dentofacial

982 22 58 70 • 659 44 05 13
info@ortodonciafigueiras.es

Rúa Camilo José Cela 13, Local 1. 27002 Lugo
(Pza. de Augas Ferreas, esq. R/ Cántigas e Frores)

¡Ortodoncia todos los días!
Lunes, miércoles y jueves:
12:00 a 20:00 h
Martes y viernes: 9:00 a 17:00 h

R.S.L. - C-271-0014-016

Piden máis control do xabaril e da vespa velutina



O Concello de Lugo reclama á Xunta de Galicia un reforzo urxente das actuacións no control da poboación de xabarís e da vespa velutina, ante o incremento das incidencias no municipio e a "falta de medidas efectivas por parte do Goberno autonómico", afirmou Abelleira, que recorda que se trata dunha competencia autonómica. A voceira municipal alertou de que a presenza de xabarís en zonas urbanas e periurbanas é cada vez máis habitual, afectando tanto á seguridade cidadá como á viaria. "Cada vez son máis frecuentes as incidencias en zonas verdes, rúas e vías de circulación, e a falta de actuación preventiva está a agravar o problema", sinalou a voceira.

A voceira incidíu ademais en que o momento actual do ano resulta clave para actuar noutra das grandes ameazas ambientais do municipio: a vespa velutina.

Neste sentido, reclamou reforzar de maneira urxente os recursos destinados á eliminación de niños e establecer un programa de actuación continuo ao longo de todo o ano. "Non podemos seguir improvisando cada

verán con medidas de emerxencia. É imprescindible unha estratexia seria, con dotación orzamentaria suficiente e planificación técnica", engadiu. A representante municipal denunciou tamén a situación do sector forestal, que está a sufrir un incremento notable das pragas que afectan a especies como o freixo, o carballo ou o piñeiro, cun impacto directo sobre a economía e o medio natural do municipio.

"Estamos a falar dun problema que afecta á saúde ambiental, á seguridade da cidadanía e a sectores económicos estratéxicos. A política de actuar só cando o problema xa é evidente non é unha solución, é unha mostra clara de desleixo", afirmou. Por todo isto, o Goberno local instará formalmente á Xunta de Galicia a aumentar os recursos humanos, técnicos e económicos destinados ao control de pragas, así como a desenvolver un plan de actuación "rigoroso, coordinado e sostido no tempo" que permita facer fronte á proliferación de xabarís, á expansión da vespa velutina e ás pragas forestais.

San Miguel de Orbazai acollerá a terceira Xuntanza Cabalar o 18

A parroquia de San Miguel de Orbazai converterase o próximo 18 de abril no escenario da terceira edición da Xuntanza Cabalar, un encontro que aposta por reivindicar as rutas a cabalo, o vínculo co medio natural e a convivencia. A xornada arrancará ás 9:00 horas cunha recepción para as persoas asistentes, que serán agasalladas cun café de benvinda antes do inicio das actividades. Unha hora máis tarde, ás 10:00 horas, dará comezo a ruta cabalar, un percorrido polos camiños da contorna que permitirá gozar da paisaxe e fortalecer o contacto directo cos animais. Ao longo do traxecto, a organización ofrecerá tamén pequenos petiscos para facer máis agradable a experiencia.



Unha vez finalizado o paseo, a actividade continuará cunha sesión vermú amenizada pola orquestra Los Españoles, que dará paso a unha comida popular na que non faltarán o café e o tradicional chopo.

Xa pola tarde, haberá unha

nova actuación musical da mesma orquestra, á que se sumará o sorteo de distintos premios entre o público asistente. A programación concluirá cunha pancetada que servirá como peche desta xornada de encontro.

Aproban o servizo de roza no medio rural para a prevención de incendios

O Concello de Lugo aprobou a contratación, mediante lotes, do servizo de roza de pistas e terreos no medio rural, cun investimento total de 280.637,36 euros. Esta actuación busca reforzar as tarefas de mantemento e prevención de incendios forestais de cara á campaña estival.


O contrato divídese en catro lotes correspondentes ás zonas norte, leste, sur e oeste do municipio,

permitindo unha cobertura integral de todas as parroquias. Intervirase sobre un total estimado de 770 quilómetros: 180 na zona norte, 180 na leste, 190 na sur e 200 na oeste, ademais das superficies de parcelas en cada área.


En canto ao investimento, o lote 1 (norte) conta con 67.425,86 euros; o lote 2 (leste), con 67.425,86 euros; o lote 3 (sur), con 71.070,50 euros; e o lote 4 (oeste), con

74.715,14 euros. O sistema de execución adaptarase aos quilómetros efectivamente desbrozados, garantindo unha resposta áxil ás necesidades reais do territorio.


Os traballos desenvolveranse durante tres meses, entre xuño e setembro, podendo adaptarse ás condicións e necesidades detectadas, sempre co obxectivo de reforzar a seguridade e o estado do medio rural.




*Clinica dental
Mosquera Otero*




Registra Sanfona: CZ7-0013187





- CIRURXÍA DENTAL
- ORTODONCIA
- PERIODONCIA
- IMPLANTOLoxÍA
- ODONTOLoxÍA RESTAURADORA
- ESTÉTICA DENTAL
- RADIOLOGÍA 3D
- PRÓTESIS
- ESCÁNER INTRAORAL
- ODONTOPEDIATRÍA



**Te damos
una razón**

PARA SONREIR

📍 Ronda Valle Inclán 1, Bajo. Lugo
☎ 982.803.132
✉ cdentallugo@gmail.com
🌐 www.mosqueraotero.es

Máis de 50 viaxes en dous meses do novo servizo taxi a demanda rural

Dous meses despois da posta en marcha do proxecto piloto de transporte rural a demanda impulsado pola área de Mobilidade do Concello de Lugo, o servizo comeza a consolidarse como unha alternativa real para conectar as parroquias co núcleo urbano. A iniciativa, que xa suma máis de 50 desprazamentos realizados, deixa un balance inicial que o tenente de alcalde, Rubén Arroso, cualifica de “positivo”, nun contexto marcado pola dispersión territorial do municipio e polas dificultades históricas para garantir unha mobilidade eficaz no rural.

O modelo, pioneiro na cidade, funciona cun sistema que combina características do transporte público tradicional co uso de taxis. A pesar de que o vehículo non é un autobús, o servizo conta con paradas fixas, horarios establecidos e itinerarios definidos. Ademais, o prezo mantense no mesmo nivel que o do transporte urbano, cun custo de 0,64 céntimos por traxecto, o que supón unha diferenza considerable respecto a un desprazamento convencional en taxi. As persoas interesadas deben solicitar o servizo chamando ao teléfono 982 213 377 antes das 22.00 horas do día anterior.

Para Arroso, este sistema responde a unha necesidade evidente nun concello especialmente complexo desde o punto de vista territorial. “A valoración é moi positiva, tendo en conta que este servizo está nunha fase de probas, polo que serve para aprender e para intentar ampliálo a outros lugares”, explica. Neste sentido, lembra que Lugo conta con 54 parroquias e máis de 300

lugares, unha realidade que dificulta a implantación de liñas de autobús convencionais. “É moi difícil poder levar o bus a todos os sitios, polo que este servizo a través dos vehículos do taxi era moi necesario”.

O funcionamento do servizo céntrase, nesta primeira fase, nos núcleos de Vilachá, Labio, O Pondelo e As Regas, con catro frecuencias diarias —dúas pola

A resposta da veciñanza está a ser, polo momento, moi favorable. Carmen, veciña de Pondelo e usuaria do servizo, non dubida en expresar o seu entusiasmo: “De ter que darlle dun 1 ao 10, eu doulle un 11, porque estou encantada de poder contar cun servizo de taxi que me leve a Lugo e co custo que supón, pero si que necesitaríamos máis paradas en Lugo, por poñer unha pega”.

especialmente no relativo ás paradas na cidade. “Para min, o que si que estaría ben é que o taxi parase no Sagrado Corazón, porque hai moita xente maior que baixa a Lugo para algunha consulta médica e que pare en Sindicatos fai que teñamos que baixar andando ata o ambulatorio”, engade.

Estas achegas forman parte do proceso de avaliación continua que o Concello está a levar a cabo



mañá e dúas pola tarde— que conectan estas zonas co centro da cidade, con chegada á zona de Sindicatos e ao Hospital Universitario Lucus Augusti (HULA). Os horarios permiten unha certa flexibilidade para atender necesidades cotiás, especialmente no ámbito sanitario e administrativo.

Nunha liña similar, outra usuaria, Carmen, de Vilachá, destaca a importancia de contar cun recurso que levaba tempo sendo demandado. “Era un servizo moi necesario, polo que poder contar con el é unha sorte e esperamos que continúe”, afirma. Con todo, tamén apunta a posibles melloras,

durante esta fase piloto. O propio Arroso recoñece a importancia de escoitar á cidadanía e incorporar as súas opinións na medida do posible. “Intentaremos ter en conta todas as opinións dos veciños e veciñas para poder dar o mellor servizo posible, aínda que non todas son factibles”, indica.

Neste sentido, o responsable municipal pon en valor o diálogo directo coa veciñanza como ferramenta clave para mellorar o servizo e xestionar expectativas. “Eu creo que as reunións, como as que estívemos facendo tamén polo transporte público, son moi necesarias, porque recibimos a opinión da xente, polo que teñen un espazo no que poden opinar, e tamén serve para explicarlles por que non son posibles algunhas propostas que fan; falando, enténdese a xente”, sinala.

De cara ao futuro, o Concello contempla a posibilidade de ampliar progresivamente o servizo, e en función dos resultados desta primeira etapa. O proxecto conta cun orzamento inicial de 15.000 euros ata o mes de xuño, unha cifra que permitirá avaliar a súa viabilidade e definir os seguintes pasos. “A intención é que este sirva de proba e se poida ir ampliando dunha forma progresiva. Despois, xa empezaremos a traballar en sacar un contrato maior e que se expanda máis parroquias. Sendo un pouco responsables ao principio, xa que preferimos ir máis amodo e que vaia ben”, explica Arroso.

Finalmente, o tenente de alcalde quixo recoñecer o papel fundamental do sector do taxi na posta en marcha desta iniciativa, destacando tanto a súa profesionalidade como a súa capacidade de adaptación. “Para eles tamén foi un reto, polo que debemos poñer en valor o Taxi de Lugo, porque desde logo está formado por un grupo de profesionais absolutos, e queremos poñer en valor a súa implicación neste proxecto”, conclúe.

Así, o transporte a demanda perfílase como unha ferramenta clave para avanzar cara a unha mobilidade máis inclusiva no rural lucense, nun camiño que, aínda en fase inicial, xa comeza a dar sinais de éxito.

Certificados profesionales. Tu titulación oficial GRATIS

estudios
rafer

Inicio inmediato | Plazas limitadas | Reserva la tuya

AULA VIRTUAL



SSCB0109 -Dinamización comunitaria.



COMM0110 -Marketing y compraventa internacional.



SSCB0110 -Dinamización, programación y desarrollo de acciones culturales.



ADGG0108 -Asistencia a la dirección.

Consulta toda la oferta formativa

estudiosrafer.es
formacion@estudiosrafer.es | 982 22 26 49

XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN

GOBIERNO DE ESPAÑA
MINISTERIO DE EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL Y EMPLEO



A contorna de Fermín Rivera renovarase con máis de 2 millóns en 2027



O alcalde de Lugo, Miguel Fernández, e o presidente da Confederación Hidrográfica Miño-Sil, José Antonio Quiroga, asinaron no Salón de Comisións da Casa Consistorial o convenio de colaboración para executar o proxecto de recuperación da contorna de Fermín Rivera, unha actuación estratéxica que suporá unha transformación integral deste espazo fluvial.

O proxecto contará cun investimento superior aos 2 millóns de euros e permitirá mellorar de forma ambiental, paisaxística e funcional unha zona de gran valor para a cidade, incrementando o seu uso público e reforzando a integración coa contorna residencial. Segundo o convenio, a Confederación Hidrográfica Miño-Sil asumirá o 95 % do financiamento, mentres que o Concello de Lugo achegará o 5 % restante.

A sinatura deste acordo dá continuidade ao protocolo rubricado entre ambas administracións o pasado mes de maio e permitirá

materializar un proxecto clave para a cidade, cuxas obras poderán iniciarse ao longo de 2026, unha vez completada a tramitación administrativa e a adxudicación prevista para a próxima primavera.

José Antonio Quiroga subliñou o carácter ambicioso da intervención, indicando que “permitirá mellorar a funcionalidade dun espazo no que o barrio da Ponte poderá recuperar e reforzar a súa relación co medio natural”. Quiroga detallou que “o proxecto atópase moi avanzado e a previsión é licitar as obras en xullo, unha vez completados os trámites administrativos, e que o núcleo principal das obras se desenvolva ao longo de 2027”.

O presidente da CHMS subliñou que “con este convenio inicia a fase máis esperada do proxecto, a execución das obras, deixando atrás a planificación”, lembrando que o proceso administrativo require cumprir cos prazos públicos antes do inicio dos traballos.

A sociedade lucense debate o futuro da estación de autobuses

O futuro da actual estación de autobuses de Lugo, que quedará sen uso coa entrada en funcionamento da intermodal, situouse no centro do debate público e político. A Asociación Lugo Monumental promoveu un encontro aberto á cidadanía no Vello Cárcere no que se confrontaron dúas visións distintas sobre o destino deste espazo estratéxico. O tenente de alcalde e portavoz do BNG, Rubén Arroxo, e o presidente de Lugo Monumental, Luis Latorre, expuxeron as súas iniciativas e fixeron partícipes aos cidadáns que quixeron falar no acto. Desde a asociación destacaron que o encontro evidenciou que a cidadanía “quere falar” e implicarse nas decisións que lles afectan.

Con respecto ás propostas, a do BNG aposta por transformar o ámbito nun gran parque urbano de máis de 27.000 metros cadrados, concibido como un “pulmón verde” no corazón da cidade. O proxecto inclúe a construción dun aparcadoiro soterrado, a creación de novas conexións viarias para reducir o tráfico e a habilitación dunha ampla zona peonil que se integraría co casco histórico. Ademais, prevé manter unha parada para transporte interurbano, co obxectivo de garantir a accesibilidade sen renunciar ao carácter verde e público do espazo.

Pola súa banda, Lugo Monumental defende a conservación do edificio actual, ao considerar que se atopa en bo estado



e que pode ter múltiples usos. A súa proposta contempla converter a planta baixa nun punto de recepción de visitantes con servizos comerciais, culturais e loxísticos, mentres que as plantas superiores acollerían espazos administrativos, un centro de emprendemento e áreas de traballo compartido. A cuberta transformaría-se nunha terraza verde aberta ao público, e a contorna reordenaríase cunha zona axardinada.

Estas propostas tamén chegaron ao pleno municipal, onde o Partido Popular levou unha moción para que se teña en conta a proposta de Lugo Monumental. A iniciativa saíu adiante co apoio de 13 concelleiros, acordándose estudar a viabilidade de manter o edificio, habilitar un intercambiador de transporte e crear unha zona verde nas dársenas.

A votación puxo de manifesto as diferenzas entre os grupos políticos. Mentres o BNG mantén a

súa aposta polo derrubamento do inmoble para crear un novo espazo público, o PSOE defende analizar previamente o seu estado, e o PP insiste en garantir a súa conservación. Ademais, tamén xurdiron discrepancias sobre o papel que debe asumir a Xunta de Galicia no financiamento e desenvolvemento do proxecto.

Desde Lugo Monumental valoraron positivamente tanto o debate público como o paso dado no pleno, aínda que advirten de que a aprobación da moción non supón un punto final, senón o inicio dun proceso que consideran clave. A entidade insiste na necesidade de abrir canto antes unha negociación entre o Concello e a Xunta para definir a titularidade do inmoble, os usos futuros e o modelo de xestión, ofrecéndose a participar activamente nun diálogo que consideran urxente para evitar que o edificio quede en desuso.

erika pilates center

Pilates en grupos reducidos - Pilates preparto - Pilates postparto
Abdominales hipopresivos - Yoga

Calle Perpétuo Socorro 10-12, baixo. 27003 Lugo
Telf: 699 519 141 / erikapilates@hotmail.es
www.erikapilates.es

Cuida tu piel desde dentro y mejora su aspecto de forma saludable

¡No más celulitis y flacidez!

ORBALLO ESTÉTICA INTEGRAL E BENESTAR

Reservas mediante Whatsapp
636 384 715

Ronda das Fontiñas 320, baixo · 636 384 715 · www.orballoestetica.com

Realizan obras de mellora de acceso no barrio da Residencia

O tenente alcalde do Concello de Lugo, Rubén Arroxo, acompañado polo edil de Infraestruturas Urbanas, Alexandre Penas, visitou o barrio da Residencia onde a Tenencia de Alcaldía vén de comezar unha nova intervención para mellorar a accesibilidade no barrio. Alexandre Penas explicou que “con esta actuación mellorarase a altura dos rebaixes dos pasos de peóns, adaptacións específicas para garantir que as persoas con mobilidade reducida poidan circular pola vía pública sen barreiras”.

A concellería de Infraestruturas Urbanas atende cada ano preto dun cento de solicitudes específicas de accesibilidade. Penas explicou que “ademais de realizar pasos de peóns elevados, que ga-



ranten que o cruce sexa a cota 0, nos últimos anos actuamos nun importante número de pasos de peóns para mellorar os rebaixes”. Alexandre Penas lembrou que “desde a concellería de Infraes-

truturas traballamos nos distintos barrios da cidade, mellorando a estética da zona e as condicións de vida da veciñanza, e planificando o traballo segundo as solicitudes das veciñas e veciños”.

Lugo terá acceso directo a Madrid por tren a primeira hora da mañá

O alcalde de Lugo, o presidente de Renfe e o delegado do Goberno en Galicia anunciaron a posta en marcha dunha nova conexión ferroviaria con Madrid a primeira hora da mañá, dando así resposta a unha demanda histórica da cidade.

O novo servizo permitirá saír de Lugo ás 5:18 horas, facilitando a chegada á capital de España en horario temperán, ben de forma directa no tren Alvia que chega a Madrid ás 10:13 horas, ou a través da conexión co AVE en Ourense, que permitirá estar en destino ás 9:43 horas. O alcalde puxo en valor a relevan-

cia deste avance para a cidade: “Hoxe é un día importante para Lugo, porque damos resposta a unha demanda histórica da cidade: poder contar cunha conexión útil a primeira hora con Madrid”. E engadiu que “Lugo está a vivir a maior inversión ferroviaria da súa historia, con máis de 645 millóns de euros na modernización da liña Lugo–Ourense–Monforte, aos que se suma a construción da estación intermodal con máis de 22 millóns de euros”.

Pola súa parte, o presidente de Renfe, Álvaro Fernández Heredia, destacou que o traballo conxunto

deu como resultado “unha colaboración moi fructífera”, que permitiu á operadora coñecer as necesidades reais da poboación lucense. Neste sentido, asegurou que esta liña de colaboración permitirá seguir avanzando na mellora das conexións ferroviarias de Galicia e, en particular, de Lugo, tal e como se vén reflectindo nos últimos meses. Así mesmo, o delegado do Goberno en Galicia, Pedro Blanco, puxo en valor o compromiso do Goberno de España coa mellora das conexións ferroviarias e co desenvolvemento territorial”.

A renovación do IES Muralla Romana contará con 1,6 millóns



A Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e FP vén de adjudicar por case 1,6 millóns de euros a obra de ampliación do Instituto Muralla Romana. A intervención ten un prazo de execución de 10 meses, unha vez se inicien os traballos.

O obxectivo da obra é dar resposta ao incremento da matrícula de FP no centro e permitirá ampliar en case 900 m² a superficie do instituto. Para realizar esta actuación será necesario demoler unha edificación de 167 m² para levantar o novo volume, que terá unha superficie total de 892 m², dotado de planta baixa, primeira e segunda e conectado co edificio existente a través dun corredor en cada unha delas.

O novo edificio contará cunha escaleira para comunicar os tres niveis. A planta baixa estará dotada de dúas aulas de clase, dúas aulas de apoio, un departamento de profesores e unha sala de comunicacións, mentres que a primeira e a segunda terán tres aulas e un departamento de docentes cada unha.

A ampliación mantén a mesma linguaxe arquitectónica que o edificio actual, con fachada de dobre folla de ladrillo con acabado exterior mediante sistema de illamento térmico SATE, a cuberta na zona das aulas será a dúas augas e a conexión entre o edificio existente e o novo resólvese cunha cuberta plana. A actuación enmárcase nas primeiras 16 obras programadas pola Consellería en centros de ensino para este ano, cun investimento total de máis de 16 millóns de euros. No conxunto do ano, o investimento da Xunta en obras en centros educativos ascenderá a un total de 73,6 millóns de euros, un 4% máis.

No marco do Plan de nova arquitectura pedagóxica, a Xunta está a investir 18 millóns de euros entre as obras rematadas, en marcha e comprometidas. Entre as obras comprometidas as máis inminentes son a propia ampliación do IES Muralla Romana e a rehabilitación integral do CEIP Plurilingüe de Nadela (antigo CEIP Manuel Mallo Mallo, 1,4 millóns de euros).



CLÍNICA DENTAL TEST
CENTRO DE ODONTOLOGÍA
E IMPLANTOLOGÍA

Camiño Real, 36-38 Entlo

982 228 428 · 608 938 993

A veciñanza do Sagrado Corazón pide diálogo e que escoiten as súas demandas

No mes de novembro do pasado ano, a Xunta de Galicia deu luz verde a un dos proxectos urbanísticos máis ambiciosos previstos para a cidade de Lugo nas últimas décadas. Trátase do Proxecto de Interese Autonómico (PIA) do sector 5.R do barrio do Sagrado Corazón, unha iniciativa coa que o Instituto Galego da Vivenda e Solo pretende habilitar solo urbanizable para a construción de arredor de 1.200 vivendas, na súa maioría sometidas a algún réxime de protección pública. A proposta, que supón unha transformación profunda dunha área de máis de 12 hectáreas situada entre o Sagrado Corazón e As Gándaras, abriu un intenso debate social, político e técnico arredor do crecemento urbano, a sustentabilidade e o acceso á vivenda.

O PROXECTO. O ámbito de actuación corresponde a un espazo actualmente sen urbanizar, formado por parcelas tradicionais e zonas naturais que funcionan como transición entre a cidade consolidada e a súa contorna periurbana. A intervención prevista inclúe unha inversión estimada de 15 millóns de euros e contempla a construción de 1.265 vivendas, das que aproximadamente o 80 % serán protexidas. Xunto á edificación residencial, o plan incorpora máis de 35.000 metros cadrados de zonas verdes e espazos libres, así como máis de 8.000 metros cadrados destinados a aparcadoiros, cunha oferta total que superará as 1.400 prazas. A proposta urbanística inclúe tamén a creación dunha nova rede viaria adaptada tanto ao tráfico rodado como á mobilidade peonil e ciclista, así como a incorporación de usos comerciais que permitan dotar de servizos ao futuro barrio. Desde a administración autonómica deféndese que esta actuación responde á necesidade de ampliar a oferta de vivenda accesible nun contexto de crecente demanda, especialmente entre a poboación moza e os colectivos con máis dificultades para acceder ao mercado inmobiliario.

CRÍTICAS. A iniciativa non estivo exenta de críticas. A organización ecoloxista ADEGA-Lugo foi unha das primeiras en presentar alegacións ao proxecto, cuestionando tanto o seu enfoque como as súas consecuencias a medio e longo prazo. A entidade sinala que o plan aposta por continuar a expansión urbana sobre solo natural na periferia, a pesar de que Lugo

na normativa urbanística galega. A entidade tamén alerta sobre deficiencias na memoria de impacto de xénero, especialmente no relativo á mobilidade peonil nunha zona con certa complexidade topográfica, á integración co tecido urbano existente e ao deseño dos espazos públicos. Pola súa parte, o Concello de Lugo trasladou á Xunta o seu informe

manter o valor actual para minimizar o impacto paisaxístico e a presión sobre as infraestruturas. Tamén se solicita unha mellor xustificación da superficie e localización das zonas verdes e reforzar accesos clave como a Calzada das Gándaras ou a rúa Serra de Meira. O documento lembra ademais a obrigatoriedade de ceder ao patrimonio público os terreos desti-



conta cun importante volume de solo urbano xa desenvolvido e sen edificar, así como cunha elevada porcentaxe de vivendas baleiras. Segundo datos do Instituto Nacional de Estatística correspondentes ao censo de 2021, no municipio existen 10.728 vivendas deshabitadas, o que representa o 17,12 % do total. Outro dos aspectos que centra as críticas é a concentración de máis do 80 % da vivenda protexida nun único ámbito. Segundo ADEGA, esta decisión podería favorecer procesos de segregación social e económica, en contradición cos principios de cohesión recollidos

técnico sobre o proxecto. O Goberno local recoñece que a ampliación da oferta de vivenda accesible encaixa co Plan Municipal de Vivenda e coa demanda existente, pero subliña a necesidade de garantir unha adecuada integración da actuación no tecido urbano e no planeamento vixente. Entre as recomendacións formuladas destaca a relativa á edificabilidade. O proxecto autonómico propón elevar este parámetro ata 1,10 m²/m², fronte ao 0,90 m²/m² establecido no Plan Xeral de Ordenación Municipal. Aínda que este incremento é legalmente viable, o Concello considera máis axeitado

nados a sistemas xerais e reclama unha maior concreción nos prazos de execución e nos parámetros edificatorios.


A VECIÑANZA. Unha das respostas máis contundentes ao proxecto chegou desde o propio tecido veciñal. A Federación de Asociacións Veciñais de Lugo Lucus Augusti reuniu arredor de 450 sinaturas entre residentes do Sagrado Corazón e As Gándaras para presentar alegacións, xunto cunha proposta técnica alternativa. Ademais, a través da plataforma Change.org recolleron apoios baixo o lema "O noso barrio non é un vertedoiro de cemento",

denunciando a masificación "insostible", a destrución do modelo de barrio e o colapso de servizos e infraestruturas que podería xerar a chegada de novos veciños. O vicepresidente e portavoz da federación, Javier Otero, destacou que o 80 % das vivendas serán protexidas e o 20 % restante libres, deixando unha parte significativa do desenvolvemento en mans privadas. Otero advertiu que esta situación favorece que as promotoras prioricen os beneficios económicos sobre o interese xeral da veciñanza e subliñou que duplicar a poboación do barrio podería resultar insostible, especialmente coa construción prevista de 22 bloques de ata sete plantas, que crearían unha pantalla de formigón e alterarían a paisaxe e a identidade da zona.

Nas súas alegacións, o colectivo veciñal propón unha alternativa centrada en reducir a edificabilidade ao 50 %, limitar as alturas a catro plantas e diminuír o número de bloques a 11, co obxectivo de minimizar o impacto visual e social e preservar o carácter de tranquilidade do barrio. Tamén esixen que se traballe sobre as vivendas baleiras existentes e que se garanta a plena operatividade dos servizos básicos antes da chegada de novos residentes, incluíndo a construción do novo centro de saúde, unha demanda histórica que agora é considerada crítica.

A mobilidade e o transporte público centran tamén unha das principais preocupacións veciñais, que reclaman unha mellora inmediata das frecuencias do bus urbano para ofrecer unha alternativa real ao uso do vehículo privado e reducir a dependencia do coche.


O FUTURO. O proxecto do Sagrado Corazón sitúa sobre a mesa un debate de fondo sobre o modelo de cidade que Lugo quere construír. A necesidade de garantir o acceso á vivenda convive coa obriga de preservar o territorio, fomentar a cohesión social e asegurar unha planificación urbana sostible. Entre a oportunidade e o risco, a decisión final marcará non só a fisionomía dun barrio, senón tamén o rumbo do desenvolvemento urbano da cidade nas próximas décadas.





Reino Animal Lugo

Tanatorio - Crematorio de mascotas

Servicio 24 horas

 **644 861.417**
 P.E. As Gándaras, Rúa H 12-14 Local 2

Presentado en Lugo o proxecto de renovación da Serra de Meira

A conselleira de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, María Martínez Allegue, presentou en Lugo a actuación de renovación integral da rúa Serra de Meira, que transformará esta vía municipal e na que a Xunta investirá un orzamento de 1,1 millóns de euros.

A mellora abarcará o tramo desde a glorieta de Serra de Meira ata a glorieta da avenida Adolfo Suárez para mellorar a rúa e a súa imaxe urbana. Así, o proxecto contempla a mellora do vial, incluída a renovación do firme, así como a dotación de novas beirarrúas e pavimentación de itinerarios peonís. Ademais, actualizaranse todos os servizos (saneamento, abastecemento de auga, electricidade, telefonía) e instalarase novo alumbeado e mobiliario urbano. Ademais, para coidar a integración paisaxística da rúa co parque do Sagrado Corazón e o entorno próximo, plantarase novo arborado. Os traballos completaranse coa instalación de dúas novas marquesiñas de autobús.

Allegue lembrou que se trata dunha actuación moi esperada e recordou que presentou ao alcalde o proxecto e a proposta de convenio en outubro do pasado ano, e destacou que da inversión inicial estimada en arredor de 400.000 euros pasouse a 1,1 millóns de euros, para incluír máis intervencións de mellora neste vial que é de titularidade municipal.

AÍNDA SEN FIRMAR. O delegado territorial da Xunta en Lugo, Javier Arias, instou ao Concello a asinar "sen máis escusas nin demoras" o convenio necesario para avanzar na renovación integral da rúa Serra de Meira, un trámite que cualificou de imprescindible para que a Administración autonómica poida dispoñer



dos terreos e iniciar os traballos nun viario de titularidade municipal.

Arias lembrou que o documento foi remitido ao goberno local o pasado 21 de xaneiro e lamentou que, máis de dous meses despois, continúe sen resposta. Segundo explicou, e co obxectivo de axilizar o proceso, a Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas enviou tamén posteriormente o proxecto técnico, aínda que, segundo apuntou, este xa fora consensuado previamente en reunións entre ambas administracións.

O representante autonómico considera que esta situación evidencia unha falta de vontade por parte do Concello para impulsar a actuación, á que acusa de bloquear "unha intervención prioritaria para a cidade e moi demandada pola veciñanza". Pola contra, defendeu que a Xunta está a cumprir coas súas obrigas e mesmo asumindo o financiamento íntegro da obra, cun investimento que pasou dunha previsión inicial de 400.000 euros a superar o 1,1 millóns de euros.

Ademais, advertiu de que a demora na tramitación pode poñer en risco os prazos previstos para licitar

as obras no primeiro semestre do ano, polo que apelou á responsabilidade do executivo local para non frear unha actuación que permitirá transformar esta rúa nun espazo máis seguro e accesible.

A intervención prevista vai máis alá dunha simple reurbanización, xa que inclúe a mellora e ampliación da calzada e das beirarrúas, así como a renovación completa dos servizos urbanos, como o saneamento, o abastecemento de auga, a rede eléctrica e a telefonía. Tamén se instalará novo alumbeado, mobiliario urbano e dúas marquesiñas de autobús. O proxecto contempla ademais a integración paisaxística coa contorna do parque do Sagrado Corazón, mediante a plantación de nova arborado e a adecuación de itinerarios peonís, co obxectivo de harmonizar este espazo co desenvolvemento urbano da zona.

Arias concluíu sinalando que esta actuación busca adaptarse ao papel estratéxico que terá este ámbito na nova configuración da cidade, en conexión coa futura estación intermodal e co desenvolvemento urbano previsto na zona do Sagrado Corazón.

Adxudicada a primeira fase da rehabilitación da Avenida Adolfo Suárez por 177.358 €



A Deputación de Lugo deu luz verde aos traballos de transformación da Avenida Adolfo Suárez, un dos principais accesos á capital lucense pola zona da Fervedeira. Así, adxudicouse por 177.358,20 euros a primeira fase dos traballos na Avenida Adolfo Suárez de Lugo á empresa CHOLO SL, aínda que a institución provincial renovará este acceso á capital da provincia cun importe total que supera os 800.000 euros, e subliñou que se trata da entrada pola zona da Fervedeira, que ademais se converterá nunha das futuras conexións coa Estación Intermodal desde a autovía A-6.

As actuacións desta primeira fase inclúen a mellora do pavimento actual, a reposición dunha tubaxe de sumidoiros, o axuste de tapas e a substitución das que estean deterioradas, así como o repintado da vía e a reposición da sinalización. Nunha segunda fase, dotarase o acceso de beirarrúas e un trazado máis adecuado.

Segundo a Deputación, estas actuacións mellorarán o aspecto da zona leste da cidade, contribuirán ao seu crecemento, garantirán a accesibilidade e favorecerán unha mobilidade máis eficiente e segura para todos os veciños.

MARMOLES VILARO

ESPECIALISTAS EN

- PIEDRA NATURAL
- PORCELÁNICOS Y CUARZOS*
- ENCIMERAS DE VANGUARDIA
- GRABACIONES EN PIEDRA
- MOLDURADOS

*De las más prestigiosas marcas del mercado

Políg. Ind. Balmao - Betote, S/N
27617 - Sarria (Lugo)

Tel. 982 532 577 - Fax 982 532 577

marmolesvilario@hotmail.com

www.marmolesvilario.com

Marfer
INFORMÁTICA

INFORMATIZACIÓN DE EMPRESAS

SERVICIO TÉCNICO LUGO Y PROVINCIA

EXIT ERP
SOLUCIÓN MODERNA Y FLEXIBLE

C/ Alvedro, 2 - Lugo - Tel.: 982 263 084
www.imarfer.com - correo@imarfer.com

Habilitadas novas prazas de estacionamento para motos na cidade



O Goberno de Lugo vén de habilitar 13 novas prazas de estacionamento reservados ás motocicletas. A área de Mobilidade aproveitou espazos de estacionamento pequenos ou zonas non utilizadas da calzada para aumentar a cantidade de estacionamentos para motos. O Goberno de Lugo optimizou os espazos de estacionamento na praza Mártires de Carral, en catro puntos da Ronda da Muralla (cruzamento con Montero Ríos, 47, 112 e 130), na rúa Noriega Varela, na avenida Doutor García Portela, avenida Rodríguez Mourelo, praza da Milagrosa, rúa Angelo Colocci, praza

Augas Férreas e en dous puntos de Fontiñas, á altura dos números 123 e 171.

Os traballos consistiron na renovación da sinalización dos estacionamentos xa existentes e na creación de novas zonas. Por exemplo, no cruce da Ronda da Muralla con Montero Ríos, aproveitárase a zona con cebreado como estacionamento para motos de dimensións aproximadas 7x2,5m. Esta mesma solución executouse na avenida Doutor García Portela, na esquina coa rúa Puro Cora, creando unha zona de estacionamento para motos de dimensións aproximadas 4x2m.

O Concello mellora o saneamento na rúa Miguel de Cervantes

Avanzan as obras de renovación da rede de saneamento na rúa Miguel de Cervantes, unha actuación que ten como principal obxectivo mellorar a eficiencia da rede.

Esta intervención forma parte da estratexia do Goberno local para modernizar as infraestruturas básicas da cidade, actuando sobre aquelas redes que presentan un maior deterioro e que veñen ocasionando problemas recorrentes como atascos, roturas ou filtracións, cos consecuentes prexuízos para a cidadanía.

As obras céntranse no tramo comprendido fronte aos edificios números 52-54, 56, 58 e 60, onde o colector actual presentaba importantes deficiencias derivadas do seu deficiente estado de conservación, chegando a rexistrar incidencias por acumulación de residuos e dificultando ademais as tarefas de mantemento pola ausencia de determinados elementos técnicos.

A actuación inclúe a substitución da antiga tubaxe de formigón por unha nova de PVC, a execución de novos pozos de rexistro, sumidoiros e a renovación das acometidas domiciliarias. De maneira paralela, tamén



se está a renovar a rede de abastecemento neste mesmo tramo, substituíndo as conducións antigas por tubaxes de fundición máis modernas e seguras.

Así mesmo, procederá á reposición integral do pavimento da beirarrúa, garantindo que o espazo público recupere as condicións adecuadas unha vez rematada a intervención.

O rexedor destacou a importancia deste tipo de actuacións, que en moitas ocasións pasan desapercibidas pero resultan fundamentais para

o funcionamento diario da cidade: "Estamos a falar de obras que non sempre se ven, pero que son absolutamente esenciais para evitar problemas, mellorar os servizos básicos e garantir o benestar da veciñanza. Este é o modelo de cidade que defendemos: investir con responsabilidade para anticiparnos aos problemas e dar solucións reais".

As obras, que contan cun investimento de 36.461 euros (IVE incluído) e foron adxudicadas á empresa Construcciones Sanle Lugo S.L.

A nova comisaría da Policía Nacional construírse na Abella

O Ministerio do Interior destinará 9 millóns de euros á construción da nova comisaría da Policía Nacional no barrio da Abella. O investimento foi autorizado polo Consello de Ministros e executarase no marco da segunda fase do Plan de Infraestruturas para a Seguridade do Estado (PLISE).

Esta actuación forma parte dun programa estatal máis amplo que contempla unha inversión global de 900 millóns de euros

destinada á modernización e mellora das dotacións policiais en todo o territorio.

A nova comisaría situarase nunha parcela cedida polo Concello cunha superficie de 3.175 metros cadrados. Ademais, o proxecto incorpora outra parcela municipal de 80 metros cadrados, que permitirá incrementar a edificabilidade en 120 metros cadrados, así como unha terceira fronte principal de 400 metros cadrados.

A ampliación do paseo do río Rato contará con 2,6 millóns de euros

O Concello de Lugo e a Confederación Hidrográfica do Miño-Sil alcanzaron un convenio de colaboración para prolongar o paseo do río Rato ata o seu nacemento, unha actuación que se insire nun proxecto integral de protección fronte a inundacións cun investimento estimado de 2,6 millóns de euros, sendo financiado maioritariamente pola Confederación, que alcanzará 2.470.000 euros (95 %), mentres que o Concello participará con 130.000 euros (5 %). O proxecto, que se formalizará en XGL, centrase no tramo alto do río e pretende recuperar o espazo fluvial desde a perspectiva hidromorfoló-

xica, ambiental e de naturalidade, habilitando mecanismos que mitiguen os desbordamentos naturais e reduzan os riscos de inundación.

Ademais, permitirá detectar e solucionar incidencias na rede de saneamento e nos seus alivios, ao mesmo tempo que se recuperarán as beiras do río para o disfrute da cidadanía, combinando zonas de paseo e estancia coa restauración ecolóxica do contorno.

O alcalde de Lugo, Miguel Fernández, subliñou a importancia deste proxecto, cualificándoo como "un fito histórico para a cidade", e destacou que permitirá transformar o

acceso dos barrios da zona norte ao gran cordón verde urbano, reforzando o compromiso cun modelo de cidade máis verde, accesible e agradable para vivir.

Pola súa banda, o presidente da Confederación Hidrográfica do Miño-Sil, José Antonio Quiroga, destacou o carácter ambiental e preventivo da actuación, sinalando que permitirá compatibilizar a protección de persoas e bens coa recuperación ecolóxica do río mediante solucións baseadas na natureza, mellorando o comportamento hidrolóxico e a integración do río no territorio.

●	UNIVERSIDAD Grado en:			PAU (Antigua selectividad) BAC - E.S.O. ACCESO CICLOS	j.m.rivas ACADEMIA
	ROBÓTICA Matemáticas I, II y III Estadística Física I y II	ENX. AGRÍCOLA ENX. FORESTAL Matemáticas I, II y III Estadística Física I y II	ENXEÑARÍA CIVIL Matemáticas I, II y III Estadística Física I y II		
	BIOQUÍMICA Matemáticas Física Química general e inorgánica Química - Física I Bioestadística	ENX. PROCESOS QUÍMICOS IND. Matemáticas I y II Física I y II Métodos Estadísticos	PROFESORADO ESPECIALIZADO PARA CADA MATERIA		
	C/ Dr. Fleming, 8 - Tel.: 982 81 56 22				

ALTO PORCENTAJE DE APROBADOS
ATENCIÓN PERSONALIZADA
GRUPOS REDUCIDOS
Preparación específica para subir nota en ABAU

Arroxo comprométese a cambiar o sentido da rúa Murguía

Veciñas e veciños da rúa Murguía de Lugo mantiveron unha xuntanza co tenente alcalde, Rubén Arroxo, e co edil de Infraestruturas Urbanas, Alexandre Penas, na que se acordou elaborar un proxecto para “mellorar a seguridade da rúa e seguir avanzando na cidade dos 5 minutos, creando novos espazos de convivencia e apostando por un tráfico máis calmado”.

A veciñanza trasladou tamén a proposta de modificar o sentido da rúa co obxectivo de mellorar a mobilidade e a conexión do barrio co resto da contorna. Tras analizar a proposta, acordouse levar a cabo este cambio, polo que nos próximos meses procederá á modificación do sentido de circulación desta rúa para facilitar os desprazamentos e reforzar a conexión do barrio.

Rubén Arroxo destacou que esta xuntanza segue a liña de traballo da Tenencia de Alcal-



día, coñecendo de primeira man as propostas e necesidades do tecido asociativo da cidade. “Traballamos para seguir mellorando a cidade”, afirmou Arroxo, que engadiu que “desde o Goberno estudamos todas as propostas traballando sempre para mellorar os espazos públicos de Lugo”.

A área de Mobilidade e Infraestruturas, dirixida por Rubén Arroxo, encárgase de servizos fundamentais para toda a veci-

ñanza, como o calmado do tráfico, “unha das principais reclamacións das veciñas e veciños de Lugo”, explicou. O Tenente Alcalde destacou que “nos últimos anos avanzamos enormemente nesta cuestión, incluíndo esta rúa, onde realizamos múltiples intervencións para mellorar a seguridade viaria”, e engadiu que “seguimos traballando para continuar a aumentar a seguridade viaria nas zonas urbanas e periurbanas”.

Renovan case cen luminarias na avenida Infanta Elena



O tenente alcalde do Concello de Lugo, Rubén Arroxo, deu a coñecer unha nova actuación incluída no plan municipal de renovación da rede de alumeadado público, que suporá a substitución de preto dun cento de luminarias na avenida Infanta Elena. Arroxo detallou que esta intervención permitirá dar continuidade ás actuacións xa executadas no tramo da vía máis próximo ao Ceao, avanzando agora cara á zona sur da mesma avenida, dentro dunha planificación progresiva de mellora do alumeadado urbano.

Os traballos consistirán na substitución das actuais luminarias de vapor de sodio, cun consumo unitario de 250W, por novos sistemas LED de 115W, ademais da renovación das caixas de conexión e dos condutores de alimentación. Esta actuación permitirá un aforro estimado de 67.845 kWh no consumo eléctrico municipal e contribuirá a homoxeneizar a contorna, unificando a temperatura de cor e mellorando a uniformidade da iluminación, o que permitirá eliminar zonas escuras e reducir o risco de avarías.

Autorizan dous novos proxectos cun orzamento superior aos 2 millóns

O Concello de Lugo aprobou dúas novas licenzas urbanísticas que suman un investimento privado superior aos 2 millóns de euros. As actuacións inclúen a construción dun edificio residencial na Ronda de Fingoi e a implantación dunha nave industrial no Parque Empresarial das Gándaras.

O alcalde, Miguel Fernández, destacou que “cada nova licenza que se concede supón investimento, actividade económica e oportunidades de emprego, ao tempo que contribúe a seguir ampliando a oferta residencial e empresarial do municipio”.

O proxecto residencial, promovido pola empresa Rodhnox Inversiones S.L., sitúase na Ronda de Fingoi 140 e contempla a edificación dun inmoble con 16 vivendas, 16 trasteiros e 32 prazas de aparcamento, distribuídas en dúas plantas de soto, planta baixa, catro plantas altas e planta baixo cuberta. A edificabilidade total ascenderá a 2.579,50 metros cadrados sobre unha parcela de 2.585 metros cadrados, cunha altura prevista de 15,28 metros, inferior á máxima permitida polo Plan Xeral de Ordenación Municipal. O orzamento de execución material será de 1.757.015,27 euros, con prazo máximo de 36 meses, e a licenza incorpora unha liquidación tributaria municipal superior aos 70.000 euros

en taxas urbanísticas e ICIO.

Paralelamente, a Xunta de Goberno Local autorizou a construción dunha nave industrial promovida por Tecgal Enerxías S.L., vinculada ao sector dos servizos enerxéticos, no Parque Empresarial das Gándaras. A actuación contempla unha superficie construída de 921,82 metros cadrados e 876,50 metros útiles, destinada a almacenamento e zona administrati-

va, con cinco prazas de aparcamento asociadas. O investimento ascenderá a 303.790,47 euros, cun prazo de execución máximo de 18 meses, e a liquidación tributaria municipal supera os 12.000 euros.

Os proxectos residenciais e empresariais contribúen ao crecemento económico, á creación de emprego e ao desenvolvemento urbanístico de Lugo.



Albañilería • Pladur • Pintura • Fontanería
Restauracións • Acondicionamentos
Mantenimentos • Colocación Tarima Flotante

obrasyreformasjato@gmail.com
 641 082 106

Fornadas del Bacalao

28 de marzo - 19 de abril
viernes, sábados y domingos
(En Semana Santa, también JUEVES)

ENTRANTES (2 a elegir)

- Potaje de vigilia
- Pimientos del piquillo rellenos de bacalao en salsa suave
- Buñuelos de bacalao con mermelada de tomate

SEGUNDOS A ELEGIR (1 a elegir)

- Bacalao a la gallega sobre parmentier y cama de grelo salteado con aceite de pimentón
- Bacalao a la Portuguesa
- Lomos de Bacalao confitado a baja temperatura sobre crema de coliflor y aceite de albahaca
- Bacalao gratinado con alioli de ajo negro

POSTRE (1 a elegir)

- Torrija caramelizada con helado de vainilla
- Milhoja de mascarpone y fresas

40€ * Bebidas no incluidas
 ** Disponemos de nuestra carta habitual

Torre de Núñez Hotel

676 75 52 78 @hoteltorredenunez
 982 30 40 40 Hotel Torre de Núñez

Abraham Cupeiro actuará no 25 aniversario do Arde Lucus

O multiinstrumentista e musicólogo galego Abraham Cupeiro será o encargado de poñer o broche final ao 25 aniversario do Arde Lucus, que terá lugar do 18 ao 21 de xuño cun concerto moi especial que terá lugar na Praza de Santa María. Trátase dun recital gratuito e exclusivo, creado especificamente para esta edición da festa de recreación histórica, tal e como confirmou o propio artista. Cupeiro leva arredor de mes e medio traballando nun espectáculo concibido expresamente para este escenario, que cualificou como moi significativo a nivel persoal, ao tratarse dunha praza na que sempre soñou con actuar. O músico, natural de Sarria, está a fabricar de maneira artesanal varios dos instrumentos que empregará na actuación, entre eles algúns *karnyx*, así como outras pezas ancestrais que historicamente se utilizaban tanto en contextos bélicos como en rituais.

O concerto combinará algunhas das súas creacións máis coñecidas, como *O Anel de Pedra* ou a coñecida banda sonora da Muralla, con novas composicións elaboradas especificamente para esta ocasión. Sobre o escenario estará acompañado por un ensemble formado por dez músicos, que reforzarán a dimensión sonora da proposta.

Un dos aspectos máis destacados do espectáculo será a combinación de instrumentos históricos de distintas culturas europeas. Así, o *cornus* romano compartirá protagonismo co *karnyx* celta, un instrumento que, segundo explicou o propio Cupeiro, adquirirá unha sonoridade moi especial na Praza de Santa María.

O artista adiantou que un dos momentos máis salientables será cando tres cornos romanos e tres *karnyx* celtas soen de maneira simultánea, algo que non se producía desde hai milenios. Trátase ademais dos mesmos instrumentos, construídos por el mesmo, que foron utilizados na gravación da banda sonora de

Gladiator II. Cupeiro destacou que, aínda que estes instrumentos son habituais na súa obra, nunca antes se reuniron todos nun mesmo escenario ao mesmo tempo.

AXUDAS A ASOCIACIÓNS. O Arde Lucus contará cun orzamento total de 420.000 euros, dos cales 180.000 estarán destinados a asociacións de recreación histórica, unha cifra que representa o 43 % do orzamento municipal da festa. Estas achegas deberán tramitarse mediante subvencións nominativas. A principal novidade nesta edición será a posibilidade de que os colectivos poidan recibir por adiantado o 90 % da contía concedida, unha medida coa que o Concello pretende evitar que teñan que asumir gastos previos na organización de actividades. Segundo explicou Bustos, esta fórmula facilitará cuestións como a preparación de obradoiros, a montaxe dos campamentos, a adquisición de materiais ou o desenvolvemento doutras iniciativas ao longo do ano.

As subvencións deberán xustificarse conforme á normativa vixente, tendo en conta os distintos gastos que afrontan estas asociacións. Entre eles inclúense custos derivados da montaxe e desmontaxe dos campamentos, o transporte de materiais, os seguros, o vestiario de recreación histórica ou o mantemento e mellora das instalacións situadas na contorna da Castra ou no casco histórico da cidade. As entidades beneficiarias deberán cumprir coas obrigas establecidas, entre elas a xustificación detallada da programación e dos gastos realizados, en liña coas esixencias aplicables a calquera colectivo sen ánimo de lucro que recibe financiamento público.

Porén, as 19 asociacións que participan no Arde Lucus dirixíronse ao Concello de Lugo para superar a polémica xerada pola confusa e contradictoria información facilitada ás entidades. Nunha reunión, acordaron

solicitar aclaracións sobre que gastos se poderán financiar e cales non, así como sobre a figura escollida para financiar a súa colaboración coa festa. As asociacións explican que se senten confusas pola decisión do Concello de modificar o sistema de financiamento empregado ata agora e pola información contradictoria recibida. Nas reunións individuais mantidas coas entidades proporcionáronse versións diferentes sobre que gastos serían subvencionables e cales non, sen aclarar suficientemente o motivo do cambio nin se este conta con respaldo xurídico adecuado.

Recalcan que a principal diferenza entre unha subvención e unha contratación é que a primeira aplícase sempre que non exista contraprestación, xa que neste caso debería aplicarse a Lei de Contratos, como se facía ata agora. Tendo en conta que o Arde Lucus é unha festa organizada polo Concello de Lugo, as asociacións teñen dúbidas sobre se están a prestar un servizo á administración, polo que non está claro se a figura máis axeitada é a subvención ou o contrato. En todo caso, queren destacar que non teñen inconveniente en xustificar os gastos, pero sinalan que se lles deu información contradictoria sobre o que sería xustificable ou non. Existen gastos anuais, como o alugueiro de locais, ou inventariables, como vestimenta ou decorados, sobre os que non hai certeza de se serían subvencionables. As asociacións solicitan tamén que se lles facilite o borrador das bases para poder estudalas.

O escrito está asinado por Ara Roma, Asemblearias Lucus Augusti, Caetra Lucensium, Civitas Lucensis, Clan de Breogán, Cohors III Lucensium, Cohors Lucensium Praetoria, Kertix, Lucus Equites, Lucus Icenas Militare, Lugdunum, Mercenarios Galaicos, Pax Romana, Salesiani Luci Augusti, Senatus Lucus Augusti, Terra Copora, Tir Na n'Óg, Trebas Galaicas e Vestales Lucus Augusti.



ASEMBLEA ANUAL DAS FESTAS HISTÓRICAS

Lugo acollerá a asemblea anual da Asociación Española de Fiestas y Recreaciones Históricas, unha entidade que agrupa a 61 colectivos de recreación de toda España. O encontro reunirá a máis de 40 asociacións e arredor de 130 persoas chegadas de fóra de Lugo, ás que se sumarán os grupos locais. As actividades comezarán o venres 17 de abril cun acto de recepción no Vello Cárcere, que servirá como primeira toma de contacto entre os participantes. A xornada central terá lugar o 18, coa celebración da asemblea anual ordinaria no salón rexio do Círculo das Artes, onde se abordarán cuestións como o balance de actividades, a incorporación de novas festas á asociación ou o estado económico da entidade. Ademais, tamén se celebrará unha asemblea extraordinaria na que se elixirá a nova xunta directiva para os vindeiros catro anos. Un dos momentos máis destaca-

dos da fin de semana será o desfile multitudinario que percorrerá as rúas do centro histórico ata rematar na Mosqueira.

Nel participarán decenas de grupos representando máis de 40 festas de recreación histórica, organizados segundo unha orde cronolóxica que abranguerá desde as festas iberas, centradas entre o século VI a.c. e o I d.C., ata recreacións contemporáneas como a Reconquista da Vila de Vigo de 1809 ou episodios históricos como o apresamento do xeneral Riego en 1823 en Jaén.

Entre estes períodos estarán tamén representadas celebracións do Medioevo, o Renacemento e o Barroco, configurando un percorrido histórico amplo e diverso. Ademais do desfile, a programación incluírá diferentes espectáculos de animación de rúa que contribuirán a dinamizar o ambiente festivo durante a xornada.

A exposición do 50 aniversario de Fuxan os Ventos xa pode visitarse

A exposición 'Fuxan os Ventos, 50 anos de historia', que se pode visitar no Auditorio que leva o mesmo nome, ofrece un percorrido completo pola traectoria de Fuxan os Ventos a través de materiais documentais, obxectos e textos que per-

miten reconstruír a evolución artística do grupo e comprender o seu impacto cultural ao longo de cinco décadas.

Maite Ferreiro destacou que esta iniciativa permitirá "lembrar as historias destes 50 anos, as vivencias de moitas

persoas, pero tamén a propia historia recente do noso país". Esta iniciativa dá continuidade ás tres actuacións especiais que a formación ofrecera no Auditorio Municipal en xuño de 2025, concertos que, segundo lembrou Ferreiro, "foron espe-



cialmente emotivos e contaron cunha grande acollida por parte do público lucense". E afirmou

que "Fuxan os Ventos é un dos grupos musicais galegos máis importantes nas últimas décadas".

O Festival Facela Fest celebra dez anos e reivindica o seu papel cultural

O Festival Facela Fest celebra do 6 ao 9 de maio a súa X edición para a que xa confirmaron os 18 artistas e grupos de música que actuarán: Temples, Shego, Australian Blonde, Triángulo de Amor Bizarro, Pacífica, Axolotes Mexicanos, Toldos Verdes, Bernal, Los Palms, Ripship, Sigilu, Error 97, Filophólicas, Fotocopia, Aeronave Adolescente, Las Yadhys, The Foolans y Sapó Bufo.

Os organizadores consideran que esta cita un motivo de orgullo, pero tamén de responsabilidade. “Dez anos intentando demostrar que en Lugo tamén poden pasar cousas”, subliñan, destacando que cada edición busca superar á anterior.

Porén, este ano coinciden con outros concertos, como Ara Malikian o venres 8 e Quique González o sábado 9. Segundo explican, o festival sempre apostou por unha progra-



mación diversa e alertan sobre os riscos de solapar eventos musicais: “Cremos que solapar citas musicais de gran formato a mesma fin de semana non beneficia a ninguén. Ao contrario: acaba xerando saturación, confusión e, moitas veces, certo cansazo no público”.

Tamén insisten na importancia de apoiar os proxectos culturais locais: “Hai proxectos que veñen, programan unha data e desaparecen. Outros levamos anos intentando construír escena na cidade, porque queremos que sexa un lugar culturalmente vivo”.

‘Proxecto Eclipse 2026.8.12’, a actividade para ver a eclipse de agosto

O tenente de alcalde do Concello de Lugo, Rubén Arroxo, presentou o proxecto Eclipse 2026.8.12, que busca converter a cidade “no mellor punto de Galicia para ver a eclipse solar do 12 de agosto”, segundo destacou Arroxo.

O obxectivo é a observación pública da eclipse total de sol o 12 de agosto de 2026, que se desenvolverá en distintos puntos da cidade en estudo polo Concello, con especial protagonismo do adarve da Muralla e do Parque Rosalía de Castro. Durante a xornada instalaranse telescopios e prismáticos con filtros solares, sistemas de proxección e distribuiranse lentes homologadas para garantir unha observación segura. O ciclo arrancará cunha sesión de presentación, na que se explicarán as actividades e os aspectos organizativos. Ademais, porase en marcha unha páxina web oficial e perfís especifi-



cos en redes sociais que ofrecerán información sobre a ciencia das eclipses, horarios locais, mapas, infografías e materiais didácticos. Entre estes recursos incluíranse vídeos explicativos, a súa relevancia histórica e cultural, así como contidos específicos sobre a eclipse total de 2026. Tamén se difundirá un tríptico informativo accesible con recomendacións. O programa comple-

tarase con conferencias impartidas por persoas expertas que abordarán aspectos científicos, históricos e culturais relacionados coas eclipses.

A Deputación celebra os Días Europeos da Artesanía en Lugo



A Vicepresidencia da Deputación de Lugo súmase á celebración dos Días Europeos da Artesanía cun programa de demostracións participativas que se desenvolverá do 9 ao 12 de abril na Capela de Santa María.

As persoas asistentes poderán coñecer de primeira man e experimentar cos materiais e técnicas de artesás especializadas en cerámica, coiro e tear. As actividades levaranse a cabo en horario de mañá, de 11.00 a 14.00 horas, e de tarde, de 17.30 a 19.30 horas, con acceso libre e gratuito.

Nesta edición, as xornadas desenvólvense baixo o lema “Cœurs à l’ouvrage”, ou “Co corazón no oficio”, unha proposta que pon o foco no traballo colectivo, nas redes locais e na artesanía como parte activa da vida cultural e económica.

Ademais das demostracións, as persoas que se acheguen á Capela poderán contemplar un amplo mostrario de ferramentas e pezas elaboradas polas artesás participantes, coñecendo así os procesos e resultados do traballo artesanal.

Entre as propostas incluídas no programa, Mercedes Buján, de “Bolboretas de coiro”, ofrecerá unha demostración participativa na que o público poderá elaborar unha flor en coiro e levala como agasallo. Pola súa banda, Inmaculada Díaz Cabado, de “La bellota mágica”, guiará aos asistentes na creación dunha peza modelada coas súas propias mans.

O tear tamén terá protagonismo coa participación de Lourdes Otero Mato e Miriam Fernández Otero, do proxecto “Fusaiola”, que realizarán demostracións de montaxe de tear de alto e baixo lizo e permitirán ás persoas asistentes tecer uns centímetros baixo a súa supervisión.

No ámbito da cerámica, M^{ra} Josefa Sánchez Castedo, de “Ceniza de papel”, ofrecerá unha demostración no torno na que os participantes poderán crear e decorar unha peza empregando diferentes técnicas. Ademais, Soni Argiz, de “Mimacuir”, desenvolverá unha actividade centrada na elaboración dunha pequena peza de coiro.

j.m.rivas ACADEMIA

ENTRENA EL EXAMEN ANTES DE HACERLO

En Academia J.M. Rivas te preparamos para la PAU con un método práctico basado en simulacros reales de examen y seguimiento personalizado

DEL 18 DE MAYO AL 1 DE JUNIO

CURSO INTENSIVO DE PAU 2026

Premios para los alumnos

- 1 Tablet Lenovo para la mejor nota de PAU
- Sorteo de otra Tablet Lenovo entre los matriculados

Antigua Selectividad

Medinformática

NOVA DIRECCIÓN

Rúa SANTIAGO I, BAJO E FRENTE AL COLEXIO - 27002 LUGO
T. 982 254 812 - 982 261 461 / www.medinformatica.es

C/ Dr. Fleming, 8. Telf.: 982 81 56 22

EQUIGAL

XIX SALÓN INTERNACIONAL DO CABALO DE GALICIA

8-17 MAIO 2026

COORGANIZAN:

DEPUTACIÓN DE LUGO

Concello de Lugo

Xacobeo 2027

GADIS

RDF COORINA MacroCopia PROGRESO Pavo

A IX Xornadas de Divulgación Científica do Patrimonio Arqueolóxico Lucense serán no Museo

As IX Xornadas de Divulgación Científica do Patrimonio Arqueolóxico Lucense celebraranse os días 10 e 11 de abril no claustro do Museo Provincial de Lugo, un espazo catalogado como Ben de Interese Cultural. O encontro centrará a súa atención neste enclave histórico e nas coleccións arqueolóxicas que alberga.

As xornadas serán un espazo de reflexión, debate e intercambio de coñecemento arredor da historia do claustro e das coleccións arqueolóxicas que conserva. No conxunto expositivo contabilízanse 205 pezas, principalmente capiteis, elementos de heráldica e esculturas de carácter devocional, cunha cronoloxía que

abrange desde o século I ata o XIX.

Baixo o epígrafe 'A memoria da pedra', o encontro toma como fío condutor este material, considerado un soporte da memoria dos canteiros e artistas que participaron tanto na construción do claustro como na elaboración das pezas patrimoniais que se exhiben no recinto.

O programa desenvolverase en formato presencial e tamén en liña. A proposta está dirixida á comunidade científica, pero tamén a estudantes, afeccionados á historia e á arqueoloxía, profesionais de museos, coleccionistas, docentes ou guías turísticos interesados no patrimonio cultural.

Lugo acolle a exposición 'O derradeiro trazo de xiz'



A exposición fotográfica e documental 'O derradeiro trazo de xiz', unha proposta do autor Miguel Muñiz sobre a historia das antigas escolas rurais de Galicia; poderá visitarse ata o 13 de maio na Sala de Exposicións do Pazo de San Marcos. A iniciativa ofrece unha mirada nostálxica e ao tempo necesaria sobre estes espazos educativos, moitos deles hoxe en día abandonados ou desaparecidos. A mostra reflicte con sensibilidade o progresivo declive deste modelo de ensino, que estaba profundamente integrado na vida familiar e no ciclo agrícola, especialmente tras a aprobación da Lei Xeral de Educación de 1970 e o proceso de concentración escolar nos núcleos urbanos.

A través das imaxes, nas que antigos alumnos e alumnas aparecen retratados nos restos das súas escolas,

os visitantes poden establecer unha conexión directa coa memoria do rural galego e reflexionar sobre o desarraigo e a perda de cultura tradicional que supuxo o peche destes centros.

AS CIDADES DE COLMEIRO. O Museo Provincial acolle ata o 31 de maio a exposición 'As cidades de Colmeiro', que reúne 37 obras centradas na relación do artista coas cidades nas que viviu e traballou, ofrecendo unha perspectiva única sobre a súa produción artística. A mostra céntrase en obras sobre papel que abarcan un amplo período, desde 1919 ata os anos 60, e sitúan Colmeiro, figura clave na renovación plástica galega do século XX, en lugares como Buenos Aires, Vigo, París, Lugo, Ourense, Bilbao ou Ámsterdam.

O Xoán ofrecerá o seu primeiro concerto en Lugo, con 'Ferido'

O Concello de Lugo e a área de Cultura da USC organizan o primeiro concerto de 'O Xoán', que terá lugar o vindeiro 29 de abril ás 20.30 horas na praza de Santa María de Lugo, coincidindo co lanzamento do seu primeiro sinxelo, 'Ferido'. Ademais, ese mesmo día celebrarase un encontro co artista Xoán Fórneas ás 12.30 horas na Casa do Saber do campus de Lugo. As persoas interesadas en asistir deberán formalizar previamente a súa inscrición a través do correo cultura.lugo@usc.gal.

'Ferido' marca o inicio dun proxecto que mestura música contemporánea en galego, rito e unha estética con toque *camp*, transformando a ferida emocional nun espazo luminoso, irreverente e vital. O tema naceu nun período de cambios afectivos e



reflicte un proceso que vai desde a vulnerabilidade ata a celebración.

O videoclip da canción, rodado na provincia de Lugo, foi nominado aos Premios Mestre Mateo, celebrados o pasado 21 de marzo. A peza presenta un ritual colectivo no monte, no

que un grupo de figuras enmascaradas agarda polo artista para iniciar un acto simbólico de transformación que culmina nunha danza, ampliando así o universo visual do proxecto, marcado polo seu carácter teatral, emocional e vinculado coa terra.

Arrhythmia presenta o seu novo disco 'CERØ' nunha nova etapa musical

A banda luguesa Arrhythmia presenta o seu novo disco, 'CERØ', un traballo que marca o inicio dunha nova etapa tras un ano de intenso traballo no estudo. O grupo de Lugo aposta por unha maior claridade de ideas sen renunciar á enerxía e ao discurso que caracterizaron a súa traxectoria musical.

Ao longo dos anos, Arrhythmia consolidouse como unha proposta singular dentro da escena alternativa galega, cun estilo que nace da mestura de diferentes universos sonoros. A súa música combina metal e electrónica, rap e rock, nunha proposta interpretada en galego e sen filtros que busca converter o ruído en linguaxe e mesturar intensidade e reflexión nas súas cancións.

Durante o último ano o grupo de-



cidiu afastarse dos escenarios para centrarse na creación do seu novo material. Ese tempo de traballo permitiu á formación desenvolver con calma un novo capítulo musical e definir con maior precisión a súa identidade sonora. O resultado

é o EP 'CERØ' (Galunk Producións, 2026), un miniálbum composto por cinco temas: «Insaciables», no que colaboran Rebeliom do Infra-mundo; «MeslAs»; «Amnesia»; «Agonía», xunto ao artista Grande Amore; e «Euforia».

A Volta do Agro prepara o Zumbanocoiro para o 23 de maio

A asociación A Volta do Agro xa fixou a data para a celebración de Zumbanocoiro 2026, que terá lugar o vindeiro 23 de maio, consolidando así a recuperación deste festival de música tradicional galega. A iniciativa regresou o pasado ano coincidindo co 30 aniversario da entidade, co obxectivo de recuperar unha cita musical que durante anos formou parte da programación cultural e que deixara de ce-

lebrarse. A proposta busca ofrecer novamente á sociedade luguesa un espazo para gozar da música galega dentro do panorama actual.

OBRADOIRO DE TÉCNICA VOGAL. Ademais, a asociación impulsa un novo obradoiro de iniciación á técnica vogal aplicada ao canto tradicional, unha proposta formativa dirixida a persoas interesadas en mellorar as súas habilidades

vocais neste ámbito.

A actividade será impartida por Ana Edreira e centrarase no traballo de aspectos fundamentais como a respiración, a proxección da voz, a articulación, a dicción e a expresividade, elementos clave para o desenvolvemento do canto tradicional.

O obradoiro celebrarase o domingo 12 de abril en horario de 16.30 a 18.30 horas.

Club Cultural Valle-Inclán, seis décadas dinamizando a vida cultural de Lugo

Tonina Gay pon en valor o traballo en favor do cine e as actividades desenvolvidas nestes 60 anos por todas as persoas ligadas, dunha maneira ou doutra, ao Club Cultural Valle Inclán en Lugo

Jessica Fernández

O Club Cultural Valle-Inclán celebra seis décadas de actividade cultural continua, converténdose nun referente da vida artística e social da cidade. A súa historia nace ao abeiro da Lei de 24 de decembro de 1964, que regulaba a constitución de asociacións, e formalizouse o 19 de febreiro de 1966 coa inscrición no Rexistro Provincial de Asociacións co número 16 e no Rexistro Nacional co número 960. Segundo os documentos conservados no arquivo do club, o 13 de febreiro de 1966 media ducia de persoas reuníronse para estudar a posibilidade de crear unha sociedade cultural en Lugo, redactando uns estatutos que foron aprobados pola Administración. Entre eles destacaba Valentín Roldán, afamado fotógrafo, como primeiro promotor. A primeira actividade do club foi a proxección do filme *Les parapluies de Cherbourg*, de Jacques Demy, no Cine España o 4 de marzo de 1966,

cito o seu compromiso co fomento da cultura. Segundo os estatutos fundacionais, “a finalidade desta asociación é o fomento e impulso de toda actividade cultural”. Estes documentos incluían a realización de actividades de cine-club, teatro, música e calquera outra que tivera interese efectivo para os fins sinalados. Sesenta anos despois, estas ideas seguen viventes, aínda que naquel momento non puideron engadir explicitamente a defensa e potenciación da cultura galega e a promoción do idioma galego como parte substancial desta.

Hoxe, o club continúa coa súa misión de dinamizador cultural e social, aberto a todas as persoas que desexen participar activamente mediante a inscrición como socios, e colaborando con entidades privadas e institucións públicas en proxectos pensados para Lugo e a súa cidadanía. Desde a súa fundación, arredor de 4.000 lucenses pasaron polas



literarios e socioculturais. Entre as iniciativas pioneiras, destaca a celebración da primeira misa en galego, promovida o 17 de maio de 1967. Durante os anos setenta, o club centrouse no teatro, achegando a Lugo agrupacións de vangarda. En 1977, Carlos Varela Veiga elaborou un anteproxecto de estatutos para a futura Federación de Cineclubes de Galicia, consolidada en 1984. A música tamén tivo un papel relevante, con eventos como o Festival do movemento da canción galega, no que participaron Antón Seoane, Emilio Cao, Jei Nogueiro, Miro Casabella, Rodrigo Román, Xurxo Mares e Xosé Manuel, así como Galicia canta ao Neno, con Fuxan os Ventos.

Logo dun período de certa inactividade, o club renaceu con forza en 1994 baixo a presidencia de Xerardo Pardo de Vera Díaz e de Tonina Gay Parga. Desde entón, o Cineclub Valle-Inclán ampliou e diversificou as súas actividades, abordando temas de historia, patrimonio, literatura, teatro, música, medio ambiente, economía, socioloxía, saúde e educación, sempre tentando harmonizar a programación cinematográfica, actividade que nunca abandonou por completo. “O reto é manter viva a esencia do club adaptándonos aos tempos. Hoxe as novas tecnoloxías permítenos estar presentes na rede, ofrecendo información puntual e actualizada sobre todas as actividades, co fin de chegar a máis persoas e consolidar a comunidade cultural lucense”.

REIVINDICACIÓNS. Nos primeiros tempos, ao colectivo lle preocupaban as centrais nucleares –como a proxectada para Xove-, os problemas da Galicia rural, os montes veciñais en man común, a emigración e a industrialización en Galicia, a

Seguridade Social Agraria, así como o ensino e a normalización da lingua galega, temas todos eles analizados e debatidos por especialistas que convocaban a unha numerosa e interesada audiencia. Nesta última etapa pódense destacar tamén diversas reivindicacións e manifestos: Por unha cidade viva, a defensa do desaparecido Gran Teatro e do Cuartel de San Fernando, a proposta para Cronista Oficial da Cidade, así como o traballo a prol do recoñecemento pola UNESCO da Muralla de Lugo como Patrimonio da Humanidade.

O CINE E AS VIAXES. Desde o 4 de marzo de 1966, o Club Cultural Valle-Inclán programou cine co obxectivo de valorar o cinema como forma de expresión artística, fomentar e difundir a cultura cinematográfica, e seleccionar obras nas que os valores artísticos, culturais e sociais primen sobre o feito comercial. A entidade comprométese a proxectar filmes de todo tipo, desde clásicos a tendencias contemporáneas inéditas na carteleira local, planificando ciclos de nacionalidades diversas que acheguen outras culturas á cidadanía. Ademais, o club acompaña cada proxección con fichas, folletos e follas de sala para apoiar o significado e valor das exhibicións, e organiza actividades complementarias como conferencias, debates e “leccións de cine”. O Valle-Inclán é membro da Federación de Cineclubes de Galicia e mantén contactos e colaboracións con varias embaixadas e entidades no eido da “sétima arte”, consolidando a súa presenza no panorama cinematográfico galego.

Outra parte fundamental da programación do Valle-Inclán son as viaxes culturais, que fomentan a convivencia e o diálogo entre os asociados e están plenamente xustificadas polos

fins estatutarios, que inclúen o interese polo coñecemento do patrimonio cultural do contorno. Dende 1995, o club organiza saídas en autocar e visitas a pé, que suman xa preto de duascenas, dentro da cidade, a provincia de Lugo, por toda Galicia e mesmo outras zonas de España e Portugal, como Asturias, Cantabria,

País Vasco, Castela e León, norte e centro de Portugal, e París.

Porén, a presidenta recoñece que “resulta difícil resumir ou destacar actividades que se recollen nun libro de arredor de 300 páxinas, neste momento no proceso de maquetación e edición ‘Historia do Valle-Inclán’, escrita polo historiador Antonio Prado Gómez.

NECESIDADES E FUTURO. A pesar dos éxitos acumulados, Gay recoñece que aínda existen desafíos: “Creo que se limita á cuestión económica, se podería mellorar co aumento do número de socios. Ao longo de 60 anos tivemos numerosos escenarios para desenvolver a actividade, hoxe utilizamos a Casa do Saber (USC), o salón de actos da Deputación Provincial e o Centro Cultural O Vello Cárcere”.

Entre os proxectos inmediatos figura seguir coas pautas establecidas ao longo destes sesenta anos, adaptándose á evolución da sociedade, mantendo sempre como eixo central a promoción cultural en Lugo e procurando implicar á maior cantidade posible de persoas.

Ao longo de seis décadas, o Club Cultural Valle-Inclán consolidouse como un dos referentes da vida cultural de Lugo, cunha traxectoria que combina memoria histórica, innovación e un compromiso firme coa educación e a formación permanente dos seus socios. O cinema, o teatro, a música, a literatura e as viaxes culturais convértense nunha experiencia que integra ocio, coñecemento e identidade local.

Tonina Gay conclúe que o proxecto de futuro é “seguir as pautas que nos marcaron estes sesenta anos e segundo nos vaia marcando á evolución da sociedade. Sempre pensando en Lugo”.



ano en que se celebraba o centenario do nacemento de don Ramón María del Valle-Inclán, e foi entón cando os fundadores decidiron que a nova entidade levaría o seu nome. O primeiro presidente foi Julio Ulloa Vence, mentres que o socio número un foi Celestino Fernández de la Vega, seguido pola súa dona, M^a Luísa Maceda. O seguinte presidente foi José Otero Novas, despois Benxamín Casal Vila, logo Ovidio Vázquez Rodríguez, Carlos Varela Veiga, Camilo Gómez Torres, Francisco Arrizado Yáñez, Carme Vázquez Vázquez, Xerardo Pardo de Vera e Tonina Gay, a que continúa a día de hoxe.

OS OBXECTIVOS. Desde o principio, o Club Cultural Valle-Inclán fixo explí-

súas filas. Desde o colectivo sosteñen que “sempre buscamos que o Valle-Inclán non sexa só un cineclub ou un teatro, senón un espazo de encontro e intercambio cultural. Queremos que Lugo teña un lugar onde a cultura se viva de forma activa e aberta a todos”.

A EVOLUCIÓN. A primeira etapa do club mantivo unha programación estable nos cines lucenses España, Kursal, Victoria, Central Cinema e Gran Teatro, todos desaparecidos na actualidade. O cinema e o teatro foron sempre o eixo da actividade, pero rapidamente ampliouse o campo á difusión cultural, recuperación e defensa da lingua galega, e á organización de eventos musicais,

O Torneo Lugo Debate reunirá a máis de 200 estudantes na súa II edición



O Torneo Lugo Debate celebrará a súa segunda edición do 9 ao 11 de abril, consolidándose como unha das citas de referencia no circuíto nacional de debate escolar. O evento, organizado pola Asociación Más Debate, reunirá a máis de 200 estudantes procedentes de toda Galicia, organizados en 30 equipos de centros educativos das catro provincias. Un ano máis, o torneo completará todas as súas prazas, o que reflicte o crecente interese do alumnado e do profesorado polo debate como ferramenta formativa e de desenvolvemento persoal.

As distintas roldas de debate desenvolveranse na Escola Universitaria de Relacións Laborais, mentres que a xornada final terá lugar o 11 de abril no Círculo das Artes de Lugo, onde se disputarán os enfrontamentos decisivos.

O formato da competición destaca pola súa esixencia, xa que os equipos disporán de só 15 minutos de preparación antes de cada debate e deberán abordar temas diferentes en cada rolda, sempre ligados á

actualidade e ao interese xeral. Este modelo busca potenciar a capacidade de análise, a rapidez mental e a flexibilidade argumentativa dos participantes.

Ademais da competición, o torneo contará cun programa complementario que incluírá actividades culturais, obradoiros, charlas e visitas turísticas. Os detalles destas propostas daranse a coñecer na presentación oficial do evento, prevista para o 31 de marzo ás 11:00 horas no Hotel Este-Oeste, coa participación de institucións públicas e entidades privadas colaboradoras.

O equipo gañador será premiado cunha viaxe a Bruxelas, onde poderá visitar o Parlamento Europeo e a sede da OTAN, ademais de manter encontros con mozos profesionais que desenvolven a súa carreira no ámbito europeo.

O torneo conta cun destacado respaldo institucional das principais entidades da cidade, reforzando o seu papel como unha iniciativa que combina formación, cultura e oportunidades para o talento novo.

A Ponte de Saamasas levará o nome de Tomás Notario

O pleno municipal deu luz verde por unanimidade á moción do Partido Popular para solicitar ao Ministerio que a ponte das Saamasas leve o nome de Tomás Notario, nun recoñecemento á súa figura e á súa contribución á cidade de Lugo.

No debate, incorporouse unha proposta da concelleira María Reigosa para completar esta iniciativa cun acto de homenaxe. A idea contempla a instalación dun monólito que lembre o seu labor como enxeñeiro e como

alcalde, na que contribuíu á transformación da cidade.

Segundo explican desde o PP, ata o momento o goberno local limitárase a cumprir un trámite administrativo ao trasladar ao Ministerio a petición formulada polo Colexio de Enxeñeiros. Os populares subliñan que se trata dun recoñecemento “xusto” a un alcalde da historia de Lugo, vinculando o seu nome a unha infraestrutura “estratéxica” para o desenvolvemento urbano.

Usuarios da residencia das Gándaras continúan coas súas protestas

A pesar de que a Xunta modificou o proxecto de remodelación da residencia de maiores das Gándaras para introducir cambios na configuración das habitacións dobres, tras semanas de intensas mobilizacións diante do centro, os usuarios seguen sen mostrarse convencidos das reformas e continúan manifestándose cada sábado diante da residencia. O respaldo da sociedade lucense é notable, ata o punto de que O Grupo Socialista no Parlamento de Galicia trasladou no pleno a súa “fonda preocupación” pola reforma, sinalando que esta situación xera protestas entre residentes e familiares desde o pasado 29 de novembro, hai xa catro meses.

A deputada Lara Méndez explicou que, segundo trasladan as persoas afectadas, a comparación entre a distribución actual do centro e os planos das obras apunta a unha “transformación significativa do modelo residencial”. Entre os cambios previstos destaca a conversión de habitacións individuais en dobres, o que suporía unha perda de espazos de intimidade. Tamén alertou da posible eliminación dunha trintena de prazas ao longo dos cinco andares, o que podería derivar nun maior amontoamento. “Non falamos dunha residencia, falamos do seu fogar, non dun apeadoiro”, afirmou, reclamando un “trato digno” para os usuarios.

Méndez insistiu en que a nova organización non garante condicións adecuadas de privacidade nin respecta o dereito das persoas residentes a contar cun espazo propio nun lugar que constitúe o seu fogar permanente. Subliñou que están en xogo aspectos como a dignidade, a autonomía e a participación nas de-



cisións que afectan á vida diaria dos residentes.

Ademais, destacou que calquera intervención estrutural nun centro destas características debería incluír un proceso real de información, diálogo e escoita activa, algo que, segundo os propios afectados, non se levou a cabo. Criticou tamén que o proxecto non contempla o impacto emocional e social da reforma, incrementando a sensación de indefensión entre residentes e familiares. Así mesmo, lembrou que a concelleira continúa sen reunirse con eles e pediu que se ofrezan solucións ás súas demandas. Fronte a isto, Méndez reivindicou modelos de atención centrados nas persoas e en unidades de convivencia que prioricen a personalización dos cuidados, a intimidade e o respecto ás preferencias individuais, criticando o que considera un retroceso cara a modelos máis hospitalarios, afastados das demandas actuais de humanización e calidade de vida.

CONTESTACIÓN DA XUNTA. Pola súa banda, a concelleira de Política Social e Igualdade, Fabiola García, subliñou que a Xunta des-

tinará máis de 8 millóns de euros á remodelación interior e exterior da residencia das Gándaras co obxectivo de mellorar a accesibilidade e a seguridade. Este investimento forma parte dun plan máis amplo na cidade de Lugo que supera os 10 millóns de euros e que inclúe tamén actuacións na residencia da Milagrosa, cun orzamento de 1,7 millóns.

No caso das Gándaras, García explicou que a reforma permitirá que todas as habitacións dispoñan de baño propio e que se melloren as zonas comúns mediante a creación de salas de convivencia e comedores en cada planta, co fin de evitar desprazamentos innecesarios. Ademais, reiterou que non se reducirá o número de cuartos individuais.

A concelleira sinalou que este investimento reflicte o compromiso do Goberno galego co benestar das persoas maiores e cun novo modelo de cuidados nas residencias públicas, baseado na coordinación sociosanitaria, no uso de novas tecnoloxías e na creación de espazos máis humanos e funcionais.

Aproban os orzamentos municipais co voto de calidade do alcalde

O Concello de Lugo deu luz verde aos seus orzamentos municipais no pleno con 12 votos a favor, incluído o da concelleira non adscrita María Reigosa, que anunciou a súa saída do grupo de goberno municipal; e o voto de calidade do alcalde, Miguel Fernández, que resultou decisivo. En fronte, os 12 concelleiros do Partido Popular votaron en contra.

Antes da votación, o rexedor fixo un chamamento á “responsabilidade” dos grupos para facilitar a posta en marcha de proxectos que

calificou de fundamentais para o desenvolvemento da cidade. Porén, o debate estivo condicionado polas críticas da oposición, especialmente arredor do Plan de Mobilidade. Desde o PP advertiron de que os orzamentos inclúen partidas para actuacións concretas vinculadas a este plan, como intervencións na Avenida da Coruña, a creación dun carril bici en Tino Grandío ou actuacións no Camiño Real, sen que se resolveran previamente as alegacións presentadas. Os populares consideran que esta

decisión supón adiantar medidas sen ter pechado o proceso administrativo e alertan dun posible impacto negativo en distintas zonas da cidade.

Ademais, defenderon a emenda rexistrada para evitar que o Plan de Mobilidade (PMUS) teña prevalencia sobre o Plan Xeral nas cuestións máis relevantes, que foi aprobada por unanimidade. “Tanto PSOE como BNG recoñeceron que era necesario modificar o artigo 150.2 do Plan Xeral para corrixir esta cuestión”, destacaron desde o PP.

Down Lugo celebra 30 anos de traballo en favor da inclusión

A entidade traballa para mellorar a calidade de vida das persoas con síndrome de Down e das súas familias, promovendo a autonomía e a inclusión social

Jessica Fernández

A Asociación Síndrome de Down de Lugo é unha entidade sen ánimo de lucro fundada en 1996 por un grupo de nais e pais comprometidos coa mellora da situación das persoas con síndrome de Down. Desde entón, a entidade integra persoas con síndrome de Down e ás súas familias na provincia de Lugo, contando cunha Declaración de Utilidade Pública desde 2006. Ao longo destes anos, a asociación evolucionou ata profesionalizarse, ampliar os seus servizos e obter certificacións de calidade, destacando a AENOR ISO 9001 que cubre todos os procesos e servizos da entidade.

A presidenta, María José Blanco Freire, defende que “os comezos foron duros. Os pais e nais que formabamos a asociación facíámonos cargo de todo: de ser pais, de funcións administrativas e de traballar directamente cos nosos fillos. Non tiñamos local e reuníámonos nos domicilios das familias. Ademais, cada xoves desprazámonos ata a Facultade de Psicoloxía de Santiago, onde había un programa de Atención Temperá, para que os nosos fillos recibisen estimulación temperá”. E recoñece que “nestes trinta anos avanzamos moito. Consequimos que a promoción da autonomía persoal se convertese nunha realidade. Hoxe, os rapaces e rapazas da asociación teñen vida social, urbana e doméstica. Así, logramos promover e facilitar a inclusión do alumnado con síndrome de Down en centros educativos ordinarios. Mantemos reunións periódicas co equipo educativo dos centros, elaboramos estratexias educativas, reunímonos con distintos alumnos dos centros e organizamos xornadas específicas e obradoiros teórico-prácticos dirixidos a profesionais e estudantes de grao e posgrao no ámbito educativo”. Ademais, ao longo destes 30 anos conseguiron un local propiedade da Asociación, así como un piso no que se traballa cos rapaces e rapazas da asociación para que lles sirva de transición cara a unha vida autónoma e independente. Segundo o grao de autonomía que teñan, explica Blanco, as estancias son de 3 ou 4 días con supervisión por parte dos técnicos do programa. Os que teñen maior autonomía permanecen ata cinco semanas. “Aquí os rapaces e rapazas xa están sos, cun técnico que pasa de vez en cando. Cada persoa ten

a súa responsabilidade nas tarefas cotiás. Todos desenvolven as tarefas e actividades da súa vida diaria da forma máis autónoma e independente posible, tanto na vivenda como na comunidade”, destaca.

ÁMBITOS DE ACTUACIÓN. Down Lugo promove que as persoas con síndrome de Down participen nas actividades cotiás da súa comunidade, contando con apoios individualizados e fomentando cambios de actitude social. Dende Down Lugo propónse unha intervención global e integral, axudando á persoa no seu conxunto dende o momento do seu nacemento e tratando de sen-


tegra os Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable (ODS) na súa planificación, definindo prioridades e medindo impactos reais e potenciais.

O SÍNDROME DE DOWN E O ESTIGMA. O síndrome de Down prodúcese cando unha persoa ten tres cromosomas 21 en lugar de dous, provocando a trisomía 21. Isto provoca características físicas particulares, retraso madurativo e discapacidade intelectual, aínda que as persoas que o presentan poden levar unha vida plena e activa con educación, hábitos de autonomía e proxectos vitais adaptados. Porén, a súa presidenta, conside-



sibilizar á sociedade para que lles proporcione as oportunidades e os apoios necesarios para a súa plena integración social. Este conxunto de intervencións que se levan a cabo co usuario, a súa familia e a contorna conforma o Servizo de Promoción da Autonomía Persoal (SEPAP) da entidade. Dito servizo abarca seis grandes áreas de actuación: atención temperá, inclusión educativa, formación e emprego e vida adulta e independente, que todas xuntas forman parte da área complementaria e a área transversal. Dentro destas áreas, articúlanse os distintos programas de intervención dunha forma totalmente individualizada e personalizada en función das necesidades das persoas con discapacidade e das súas familias. Ademais, Down Lugo

ra que, a pesar do traballo nestes 30 anos, “aínda queda moito por facer”. Así, explica que a “inclusión é a actitude que permite integrar a todos os individuos como iguais dentro da sociedade; non consiste en incluílos e que formen parte do grupo, senón en que participen activamente. As persoas con síndrome de Down seguen a ser considerados nenos eternos e infantilízanse, tratando cos seus pais en lugar de abordar os temas que lles afectan directamente con eles mesmos. Segue a pensarse que nos traballos só poden realizar tarefas repetitivas ou sinxelas, cando a realidade é que, con apoio, poden desempeñar moitos máis traballos dos que a xente cree. Ou pérdese a idea de que non poden seguir o ritmo da aula, separándoos dos seus com-



pañeiros e compañeiras. É certo que se avanzou moito, pero queda un longo camiño por percorrer. Se nos centramos na discapacidade e non na persoa, non vemos o ser humano que hai detrás; porque a discapacidade non define totalmente a unha persoa nin a súa vida, do mesmo xeito que non define totalmente a unha persoa o seu xénero, a súa orientación sexual, a súa situación económica ou as súas crenzas”.

tos, promovendo a igualdade de trato, a non discriminación e a eliminación de barreiras legais, sociais e institucionais. É dicir, que se respecte o seu dereito a unha educación inclusiva, a un traballo nunha empresa ordinaria, a unha vida autónoma e independente, a tomar as súas propias decisións e a que estas sexan respectadas. Tamén á súa participación comunitaria e a que o sistema teña en conta o envellecemento acelerado e prematuro para poder acceder aos recursos comunitarios existentes”.

Finalmente, asegura que, con respecto ao futuro da asociación e das persoas con síndrome de Down, é “fundamental un cambio de mirada, tendo en conta que as persoas con síndrome de Down son cidadás e cidadáns de pleno dereito. Pasar de “o que non poden facer” a “que apoios necesitan para facelo”. A meta non é a aceptación, senón a normalización en todos os ámbitos”, explica. Así, incide que en “debemos ter expectativas sociais máis altas: as persoas con síndrome de Down, con apoios axeitados, poden estudar, traballar, vivir de forma autónoma e ter unha vida social plena. Deben gozar dunha inclusión educativa real, pero para iso son necesarios máis apoios na aula e que o profesorado reciba a formación que precisa”.

Por iso, defende que “a segregación non é a solución. A mellora pasa por unha educación verdadeiramente inclusiva, onde a diversidade sexa parte habitual da aula. Pasar dunha inclusión laboral simbólica a un emprego real e estable, sen prexuízos e facendo accesibles os contornos laborais ordinarios. Que as persoas con síndrome de Down estean representadas nos medios e na cultura, pero non dunha forma paternalista ou heroica, senón que se lles mostre como a calquera outra persoa. E, tamén, que se respecten as súas decisións: dereito a decidir sobre a súa vida, apoio para vivir de forma independente, acceso a relacións afectivas e familiares e recoñecemento da súa sexualidade e dos seus dereitos”, conclúe.

A IMPORTANCIA DA COLABORACIÓN PARA SEGUIR. A presidenta, María José Blanco Freire, explica que contan con Convenio de Colaboración entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e a Federación Down Galicia co obxectivo de favorecer a atención educativa do alumnado con síndrome de Down e con discapacidade intelectual, de acordo cos principios de inclusión e normalización. E tamén “consequimos que as empresas nos abrisen as súas portas para os primeiros empregos inclusivos, xa que defendemos e seguimos defendendo o dereito ao lecer, á vida independente e ao envellecemento activo”. Con todo, defende que as persoas desde o colectivo traballárase por “garantir a protección e o exercicio efectivo dos seus derei-

XXIX Feira de Produtos do Campo e Artesanía

A Asociación de Veciños, Comerciantes e Industriais de A Milagrosa anunciou a celebración da XXIX edición da Feira de Produtos do Campo e Artesanía, que terá lugar os próximos 22, 23 e 24 de maio de 2026 no barrio de A Milagrosa, en Lugo.

Este ano, a feira contará con Carmela López, presidenta da Deputación Provincial de Lugo, como pregoeira, sendo a encargada de inaugurar oficialmente esta edición, xa consolidada como unha das citas máis destacadas do calendario social e comercial do barrio.

Desde a organización, sinalan que se está a traballar intensamente na preparación dun programa que manterá a esencia tradicional do evento, incluíndo actuacións folclóricas, degustacións gastronómicas, postos de produtos do campo e artesanía, entre outros.

Así mesmo, desde a Asociación informan que xa está aberta a inscrición para os postos que desexen participar na feira. Os interesados poden anotarse a través dos canais habituais de contacto da entidade, teléfono 982 203721 ou correo electrónico fedveclucusa@gmail.com. A Feira de Produtos do Campo e Artesanía continúa a ser un punto de encontro para veciños, visitantes, produtores e artesáns, reforzando o papel de A Milagrosa como un barrio dinámico, participativo e con unha forte identidade comunitaria.

O Día do Veciño 2026 celebrarase o 18 de outubro

A Federación de Asociacións de Veciños da Provincia de Lugo Lucus Augusti anunciou que a XXIV edición do Día do Veciño terá lugar o 18 de outubro de 2026 no Pazo de Feiras e Congressos de Lugo.

O encontro veciñal reunirá a persoas procedentes de toda a provincia cunha xornada que incluírá actuacións musicais, exhibicións de baile, actos folclóricos, feira de artesanía e actividades deportivas.

Desde a Federación sosteñen que a intención é manter e incluso superar a cifra de asistencia de

Academia JM Rivas facilita o ensaio do exame da PAU aos alumnos do intensivo

Co final de curso cada vez máis próximo, o alumnado de segundo de Bacharelato afronta a recta decisiva coa vista posta na PAU, unha proba determinante que condicionará o acceso aos estudos universitarios. Neste contexto, a Academia JM Rivas impulsa un curso intensivo específico para a preparación da PAU 2026, no que aposta por un enfoque práctico e competencial baixo a premisa de “ensañar o exame antes de facelo”.

O programa desenvolverase entre o 18 de maio e o 1 de xuño, coincidindo coa fase previa ás probas oficiais, que este ano terán lugar entre o 2 e o 4 de xuño. O obxectivo é claro: mellorar o rendemento do alumnado e axudalo a elevar a súa nota media, un factor clave para acceder ás titulacións desexadas.

A principal novidade desta edición radica na adaptación ao modelo de exame impulsado pola Consellería de Educación, que mantén a estrutura e as materias pero introduce un cambio significativo na forma de avaliar. Así, cobrarán máis importancia a capacidade de explicación, o razoamento e a corrección na expresión escrita, incluíndo unha maior penalización das faltas de ortografía. O curso de Academia JM Rivas presenta por tanto este ano un enfoque máis competencial, no que se prioriza a aplicación práctica dos coñecementos fronte á memorización. Así, os exames incorporan máis exercicios contextualizados, interpretación de textos e gráficos, así como resolución de problemas que esixen análise e pensamento crítico.

Neste sentido, o curso de JM Rivas céntrase en preparar ao alumnado para este novo escenario mediante simulacros diarios de exame elaborados seguindo o mesmo formato que atoparán nas probas oficiais.



Este adestramento continuo permite medir a evolución do estudante e reforzar os aspectos que precisan mellora, ao tempo que favorece a adquisición de confianza e seguridade.

Outro dos aspectos clave é a redución da optatividade nos exames. Aínda que se mantén certa capacidade de elección entre preguntas, esta é menor que en anos anteriores, polo que o alumnado deberá preparar o temario de maneira máis equilibrada. Ademais, as probas terán unha duración de 90 minutos e esixirán permanecer polo menos media hora na aula antes de poder saír.

FORMACIÓN PERSONALIZADA. A formación é completamente personalizada, adaptándose ao ritmo e ás necesidades de cada alumno, que pode escoller as materias nas que require maior reforzo, tanto nas troncais como nas específicas. Durante as sesións, que se desenvolven de luns a sábado, trabállanse contidos clave como a elaboración de

esquemas, a resolución de exercicios tipo exame, a gramática e os comentarios de texto, así como a preparación das probas de inglés, incluíndo fonética e redacción. Ademais, o alumnado conta con apoio tamén os domingos e acceso permanente a unha aula virtual con material dispoñible as 24 horas.

Segundo explica o director do centro, José Manuel Rivas Bande, “o fundamental é manter ao alumno centrado no estudo e evitar deixar o repaso para o último momento, garantindo así que chegue ao exame co esencial ben preparado”.

A academia tamén incorpora un incentivo adicional para o alumnado matriculado: a mellor cualificación na PAU será premiada cunha tableta Lenovo, mentres que outra será sorteada entre os alumnos.

Desde JM Rivas insisten en que, aínda que non existen cambios radicais no sistema nin nas materias, si se incrementa a esixencia na forma de responder, valorándose especialmente a capacidade de razoamento,

explicar con claridade e escribir correctamente. Por iso, consideran fundamental practicar en condicións reais e adquirir unha preparación sólida e equilibrada para afrontar con éxito unha das probas máis decisivas da etapa académica.

EXPERIENCIA. JM Rivas é unha academia de gran tradición e experiencia en Lugo. Comezaron no ano 1986 pero desde 2005 ocupan as instalacións actuais na rúa Doutor Fleming. Empezaron dando apoio aos estudantes de ESO e Bacharelato pero pouco a pouco foron ampliando o seu campo de acción e agora traballan tamén co alumnado universitario e preparan as oposicións, entre outros servizos.

As principais liñas de traballo son as clases en grupos reducidos, para garantir a aprendizaxe, ou individual si a materia así o require.

As persoas interesadas poden obter máis información chamando ao 982 81 56 22 ou a través da páxina web www.jmrivas.es.

O aparcadoiro do IES Lucus Augusti abre fóra do horario lectivo

A Xunta de Galicia abriu ao público as prazas de aparcamento do IES Lucus Augusti unha vez finalizado o horario lectivo, poñendo á disposición da cidadanía 49 novas prazas na avenida Rodríguez Mourelo, dúas delas adaptadas para condutores con mobilidade reducida.

O horario de apertura será de 15.30 a 23.30 horas de luns a venres laborables, mentres que os sábados, domingos, días festivos e todo o mes de agosto o aparcamento permanecerá accesible durante as 24 horas.

Estas prazas súmanse ás trinta xa

dispoñibles no aparcadoiro do IES Nosa Señora dos Ollos Grandes, situado na mesma zona, que a Xunta abriu ao público o pasado verán. A única excepción é o mércores á tarde, cando o aparcamento do IES Ollos Grandes abre ás 18.30 horas debido á actividade lectiva. Con estas incorporacións, a cidade conta con case 80 novas prazas na zona central, o que axuda a aliviar a presión sobre o estacionamento urbano.

Para respectar a actividade do centro educativo durante as tardes, que inclúe clases, reunións,

consellos escolares ou labores de xestión, así como outros servizos como limpeza; resérvanse oito prazas para o uso exclusivo da comunidade educativa, tal e como se fixo no IES Ollos Grandes, onde se reservaron sete.

Para garantir a seguridade xurídica e permitir que a Policía Local poida actuar en caso de infraccións ou incidentes, a Xunta asinou un convenio co Concello de Lugo que regula o uso destes aparcamentos públicos, reforzando a seguridade viaria e o correcto funcionamento destes espazos.

“Queremos conseguir unha transformación do sistema”

María e Ana Barba Núñez, presidenta e coordinadora da Área de atención a mulleres vítimas de violencias machistas, destacan o labor en Aliad Ultraia

Jessica Fernández

Aliad Ultraia leva máis de 40 anos de actividade en Lugo, como foi a súa evolución?

A entidade xurdiu no ano 1984 da man de Manuel Varela, médico especializado en drogodependencias, nun momento no que había unha problemática de consumo de heroína que levou á creación de iniciativas que buscaban dar resposta. Aliad nace ao mesmo tempo que Érguete ou outras entidades deste tipo. En principio, o traballo consistía nun programa de atención xurídico-social a persoas con problemática de drogodependencia. Logo, como varias desas persoas acababan en prisión por problemas asociados a ese consumo, comezamos tamén a traballar dentro da prisión. Nun principio era con este programa de atención xurídico-social, pero despois fomos ampliando a programas de diferente tipoloxía. E no ano 2010 crease a área de Muller, que xurdiu co caso Carioca, xa que o noso avogado levaba algúns casos de mulleres desde a entidade. Ademais da atención xurídica, esas mulleres necesitaban algo máis, polo que incorporamos o acompañamento e, a partir de aí, foise profesionalizando e xerando un equipo para dar atención a ese tipo de violencia de xénero. Agora traballamos con vítimas de violencias machistas e mulleres vítimas de explotación laboral. Así, actualmente temos tres liñas de traballo.

En que consiste o labor que se leva a cabo?

Hai certos aspectos que compartimos no traballo nas diferentes áreas. En primeiro lugar, o enfoque integral. Contamos cun equipo interprofesional formado por dúas psicólogas, un avogado, unha orientadora laboral, catro educadoras sociais e un sociólogo e unha politóloga, estes dous últimos que desempeñan tamén labores de xestión e administración. Unha equipa que traballa desde esa óptica de acompañar ás persoas de nos seus procesos para mellorar as súas situacións de vida. Normalmente, quen realiza un traballo máis individualizado de acompañamento é unha educadora social ou unha psicóloga, e despois complétase con orientadora laboral, avogado ou psicóloga. Tamén facemos traballo grupal cos diferentes colectivos, entendendo que o grupo é un espazo formativo e de desenvolvemento das persoas. Traballamos en rede, xa que as persoas están tamén asociadas a estruturas que exercen violencia sobre elas ou que dificultan o seu desenvolvemento persoal e a súa

calidade de vida. O traballo en rede mellora a atención ás persoas e axuda a transformar os contextos e os marcos culturais. E é por iso tamén que traballamos moito na participación social, formación e incidencia política, intentando xerar cambios en factores estruturais, transmitir demandas ou xerar cambios do sistema. A idea tamén é que a asociación non estea só na parte de reparación social, senón que realmente poidamos actuar sobre os factores que xeraron esas vulneracións de dereitos coas que traballamos; achegar o noso gran de area para transformar o sistema a través da nosa presión e a nosa voz, para dar tamén voz aos colectivos cos que traballamos.

Ao traballar con este tipo de colectivos, senten o estigma da sociedade cara a eles?

Hai estigma non só por vulgar como unha persoa chegou a esa situación, senón tamén por crer que a responsabilidade de saír dela é só da propia persoa. Todas e todos temos responsabilidades nos nosos procesos persoais, pero despois hai estruturas que, ás veces, dificultan moito eses procesos. Os colectivos cos que traballamos están bastante estigmatizados, polo que é importante todo o que ten que ver coa transformación cultural, cambiar esa perspectiva e a visión que se ten sobre eles. Por exemplo, respecto dos presos na cadea, temos un programa

Sociocultural no Centro Penitenciario de Monterroso, que contribúe a romper ese estigma, pois moitas persoas participan voluntariamente en diferentes proxectos de carácter cultural, artístico e deportivo dentro da prisión. Todas son experiencias que fomentan o intercambio dentro e fóra e contribúen a romper as visións existentes sobre a prisión e as persoas que están nela.

Que traballo se fai coas persoas en prisión?

Faise acompañamento social, laboral, psicolóxico e atención xurídica a persoas con problemática de drogodependencia, tanto dentro como fóra das prisións. Dentro da prisión tamén temos o Programa de Preparación para a Liberdade, que é un programa grupal. Trátanse temas relacionados con habilidades sociais, emocionais, proxecto vital, orientación laboral... e busca preparar a saída á liberdade, especialmente coas persoas que poden estar menos integradas na dinámica penitenciaria, reducindo efectos nocivos da falta de actividade ou da cultura carceraria, traballando outras habilidades mellores para a súa vida dentro e fóra da prisión, e buscando facilitar a súa integración na sociedade ao saír. Logo hai outro programa, “Preparados, listos, xa”, máis individualizado, coas persoas próximas á saída, a través do que acompañamos na planificación



que entende os permisos como oportunidade para ir preparando a vida en liberdade.

Como funciona o programa de atención a vítimas de violencias machistas?

Atendemos mulleres vítimas de violencias machistas, especialmente migrantes. Existen recursos públicos, como a Casa da Muller, que cumpre unha función, pero as mulleres migrantes en situación irregular ou moi vulnerables non coñecen recursos ou non son detectadas porque non manifestan ser vítimas de violencia machista. Con elas créase unha relación de confianza na que expresan a súa situación. Ao vir doutro país, están máis soas e necesitan un acompañamento maior do que ofrece a administración. Detectámolas a través dos nosos servizos sociais e xurídicos, e mediante a exploración documental e a súa historia migratoria podemos identificar se hai violencia. Moitas veces son vítimas de violencia machista no seu país, pero precisan apoio continuo aquí. Tamén traballamos con mulleres vítimas de prostitución prostituídas desde unha pers-

pectiva, traballando coas mulleres e coas estruturas. Contamos cun piso de acollida para mulleres e fillos, facendo tamén intervención integral, traballo grupal e desde unha perspectiva sensible ao trauma. É un proceso de restablecemento, pois ás veces a ferida é profunda. Hoxe en día, as vítimas teñen situacións cada vez máis complexas, e as ferramentas de captación actúan sobre xente moi nova a través de plataformas online. Por iso, impartimos talleres en institutos e formación a profesionais implicados mediante congresos, accións nos centros de información da Muller, forzas e corpos de seguridade ou ámbito sanitario, mellorando a detección de mulleres e a derivación a entidades especializadas en Galicia. Creamos numerosos materiais didácticos e guías para profesionais, porque é fundamental formar e sensibilizar.

Realizan un labor encomiable que correspondería á administración, por iso colaboran coa entidade.

Si, a nosa financiación é principalmente pública, da Xunta de Galicia, xa que somos entidade prestadora de servizos sociais. Tamén temos fondos da Deputación e algo do Concello de Lugo. Ademais, colaboran connosco as persoas socias, que son moitas e achegan o que poden. Calquera persoa pode aportar o seu gran de area para permitir que sigamos desenvolvendo a nosa labor en favor destes colectivos.

Consideran que teñen algunha necesidade na entidade?

Estamos moi contentas polo equipo multidisciplinar co que contamos e con todo o traballo que facemos, tamén do papel dos voluntarios e voluntarias á hora de fortalecer a nosa identidade asociativa e de participación social, e tamén estamos agradecidas pola aportación pública que recibimos para poder desenvolver o noso traballo; pero o si que quixeríamos é que cambiase o sistema no máis fondo. Se cambiaran certas estruturas opresivas, non teríamos que facer tanto traballo de integración e acompañamento e non lles sería tan custoso ás persoas coas que traballamos superar certas situacións ás que chegaron con responsabilidade ou sen ela.



ma que considero interesante porque busca traballar desde a óptica do desenvolvemento comunitario dentro da prisión, aumentando as posibilidades de participación na cadea. Este é o Plan de Animación

construíndo do proxecto vital que queren desenvolver fóra. Para isto contamos cun piso para permisos penitenciarios, destinado a persoas sen vinculación externa, acompañado dun itinerario individualizado

pectiva abolicionista. Consideramos que existe un sistema prostituínte que coloca ás mulleres como mercadoría para o consumo masculino, froito de procesos culturais e educativos que requiren revisión. Por

XXIV PREMIOS MESTRE MATEO EN LUGO

A Vicepresidencia da Deputación de Lugo e a Academia Galega do Audiovisual organizaron unha gala inesquecible no Fuxan os Ventos

A Vicepresidencia da Deputación de Lugo e a Academia Galega do Audiovisual organizaron a gala dos XXIV Premios Mestre Mateo que se celebrou no Auditorio Fuxan os Ventos de Lugo o pasado 21 de marzo, convertendo a cidade amurallada no escenario do audiovisual lucense, nunha edición que congregou 565 profesionais do sector.

Antes da celebración da gala, organizouse unha programación complementaria arredor da gala dos Premios Mestre Mateo que comezou o 3 de febreiro no Vello Cárcere, onde se deron a coñecer os finalistas desta edición nun acto aberto ao público. Despois, Lugo acolleu durante febreiro e marzo a proxección das longametraxes e documentais finalistas nos Cines Códex, en sesións gratuítas e con acceso libre. As exhibicións contaron coa presenza dos equipos das obras e coloquios co público moderados pola guionista Clara Coira, co obxectivo de achegar o audiovisual galego á cidadanía. A programación incluíu tamén unha charla 'Detrás dos Premios Mestre Mateo' na Deputación de Lugo, e un encontro cos presentadores da gala e co Premio de Honra no Vello Cárcere. Como novidade, o público puido votar a súa película favorita, cuxo galardón se deu a coñecer no MIHL durante a tradicional Xuntanza de Finalistas.

O evento, presentado por Trisha Fernández e Federico Pérez, contou coa presenza das principais autoridades locais e institucionais. Durante a cerimonia, marcada por unha grande asistencia e un ambiente de celebración, púxose en valor a calidade das producións galegas e o momento de consolidación que vive o sector. A gala tamén serviu como punto de encontro para profesionais, creadoras e creadores, nunha noite na que se reivindicou o talento local e a capacidade da industria para seguir medrando e innovando. Durante a gala, ademais, estivo presente a música, da man de Mondra e Xabier Díaz, acompañado das Adufeiras.

A gala contou co apoio de AGADIC - Xunta de Galicia, a Vicepre-



sidencia da Deputación de Lugo e a Concellaría de Cultura do Concello de Lugo, e foi emitida pola Televisión de Galicia.

A presidenta da Academia Galega do Audiovisual, Lucía Veiga, fixo un firme chamamento contra a guerra no seu discurso e reivindicando un claro "non ás guerras" desde o sector audiovisual. Veiga subliñou tamén a importancia da unión de todo o sector para fortalecer unha comunidade en constante crecemento e reivindicou o traballo das distintas asociacións profesionais na defensa dos dereitos e da cultura galega.



As películas 'Sirât' e 'Antes de nós' foron as protagonistas da noite no Auditorio Fuxan os Ventos despois de recibir, a de Oliver Laxe, o Mestre Mateo a mellor longametraxe; e a de Ángeles Huerta sumar 12 galardóns



OS PREMIADOS. A película Sirât, dirixida polo navegio Oliver Laxe, conseguiu o Premio Mestre Mateo á mellor longametraxe, consolidándose como unha das obras máis relevantes do panorama audiovisual galego. O filme ofrece unha proposta intensa e poética, na que a mirada sensorial e a narración lírica se combinan para explorar paisaxes, emocións e tradicións do territorio, cunha estética que reflicta a sensibilidade característica do cine de Laxe. Ademais, Kangding Ray obtivo o premio á mellor música orixinal por Sirât, mentres que Amanda Villavieja foi recoñecida co galardón a mellor son. Sirât partía como unha das grandes favoritas desta edición, ao contar con 14 nominacións, consolidándose definitivamente como unha das producións máis salientables do audiovisual galego.

Pola súa parte, 'Antes de Nós' erixiuse como a gran triunfadora da noite ao converterse na produción máis galardoada. Entre os premios acadados figura o de mellor dirección, para Ángeles Huerta; o de mellor guión, para Pepe Coira, mellor interpretación masculina protagonista para o actor Xoán Fórneas; mellor interpretación feminina protagonista para Cris Iglesias; mellor interpretación feminina de reparto, que recaeu en Luisa Merelas e Victoria Teijeiro, así como o de mellor interpretación masculina de reparto para Miguel Insua.

O filme tamén foi recoñecido nos apartados técnicos, con galardóns para Chicha Blanco e Lorena Calvo en maquillaxe e perruquería, Aránzazu Domínguez en vestiario e Lucía Iglesias en montaxe. Ademais, o Mestre a mellor dirección de fotografía é para Lucía c. Pan, Lucía Caramelo alzouse co premio á mellor dirección de produción e Elia Robles levou o galardón á mellor dirección de arte. Cada un dos premiados deu o seu discurso, pero cabe resaltar

o de Xoán Fórneas, quen defendeu que o "audiovisual galego está nun bo momento, pero non o audiovisual galego en galego; estamos nun momento crítico", e parafraseou a Daniel Castella, cando no ano 1931 dixo nas Cortes Españolas: "Se os galegos aínda somos galegos é por obra e graza do idioma (...). O idioma máis ca un medio de expresión, é unha fonte de arte, o vehículo da alma orixinal dun pobo e é en si mesmo unha gran obra de arte que ninguén debe destruír". E acabou resaltando que "se deixamos de usar o noso idioma nas nosas historias, calquera día nós acabaremos desaparecendo delas".

MÁIS PREMIOS. No ámbito das curtametraxes, 'Curmán' fíxose co galardón principal, mentres que 'O corpo de Cristo', de Abano Producións e UNIKO, foi distinguido como mellor curtametraxe de animación.

O premio ao mellor documental foi para '360 curvas'. A longametraxe ofrece unha mirada coral ao pasado e ao presente da Fonsagrada a partir do episodio coñecido como 'As Movidas', as mobilizacións veciñais dos anos noventa que xurdiron como resposta á perda de servizos na vila. Este movemento social funciona no filme como fío condutor para reflexionar sobre os desafíos actuais do rural e sobre o futuro das comunidades que o habitan e sosteñen.

Pola súa parte, Hibernarse - O videofilm, de Fillas de Cassandra, conseguiu o Mestre Mateo a mellor videoclip ao destacar pola súa creatividade e capacidade de contar unha historia visual impactante en pouco tempo. A obra combina unha linguaxe artística coas emocións da música, creando unha experiencia sensorial que conecta de maneira directa co espectador.

No eido televisivo e dixital, 'Bachos', producida por Undodez para Televisión de Galicia, aca-

dou o premio á mellor serie web. Pola súa banda, Xosé Ramón Gayoso foi recoñecido como mellor comunicador polo programa 'Luar', e Marcos Nine recibiu o premio a mellor realizador por 'Historias de aquí'. Mentres que o premio ao mellor programa fíxose para 'Cos pés na terra'.



AO NOSO CARÓN

A cuarta etapa de 'La Vuelta Femenina' percorrerá a provincia

A provincia de Lugo converterase nun dos grandes focos do ciclismo internacional o vindeiro 6 de maio coa celebración da cuarta etapa de La Vuelta Femenina 2026, un percorrido de 115,2 quilómetros entre Monforte de Lemos e Antas de Ulla que se presenta como unha das xornadas máis esixentes da competición, cun final en subida que podería resultar decisivo na clasificación xeral.

A saída terá lugar na Praza da Compañía de Monforte, desde onde o pelotón percorrerá distintas rúas da cidade antes de encamiñarse cara a un trazado que atravesará boa parte do interior lucense, pasando por concellos como Sarria, Láncara, O Páramo, Portomarín, Ventas de Narón, Taboada e Monterroso, ata rematar no Parque Central de Galicia, en Antas de Ulla, considerado o centro xeográfico da comunidade. Máis alá do seu interese deportivo, esta etapa representa unha oportunidade estratéxica para a provincia de Lugo, tanto desde Ademais, a chegada dunha proba destas características supón

un importante impacto no tecido económico local, coa mobilización de equipos, organización, medios de comunicación e afeccionados, que contribúen a dinamizar sectores como a hostalaría, o comercio e os servizos. Neste sentido, o paso da carreira polos diferentes municipios permitirá tamén en valor o rural e achegar o gran deporte a zonas afastadas dos grandes núcleos urbanos.

A dimensión deportiva da etapa estará marcada pola presenza de figuras de primeiro nivel do ciclismo feminino internacional, como Pauline Ferrand-Prévoit, campioa olímpica e do Tour de Francia, Marianne Vos, Lotte Kopecky ou Marlen Reusser, ademais das españolas Mavi García e Paula Blasi, o que eleva o nivel competitivo e o interese da proba.

A organización prevé repetir o impacto mediático da edición de 2025, consolidando así La Vuelta Femenina como un escaparate de primeiro nivel para territorios como Lugo, que atopan neste tipo de eventos unha ferramenta clave para a súa proxección exterior e desenvolvemento.

Aprobada unha nova ordenanza para as residencias da Deputación

O Pleno da Deputación acordou aprobar a nova ordenanza que regula o acceso, os prezos públicos e o réxime interno de Centros de Atención a Maiores da institución provincial. A medida garante un sistema público máis xusto e adaptado á realidade social e territorial da provincia: reforzando os criterios de acceso, axilizando os trámites administrativos -que pasan a ser xestionados pola propia Deputación e non polos concellos-; e adaptado á capacidade económica dos usuarios e usuarias.

O deputado de Promoción Económica e Social, Pablo Rivera Capón, explicou que "este regulamento, único para todas as residencias, é xusto e social, porque protexe a quen máis o precisa. O noso modelo de Centros de Atención a Maiores naceu pensando no rural, na dispersión e no envellecemento".

Esta ordenanza inclúe unha serie de variacións no baremo dos criterios de acceso. No relativo á proximidade, incrementase o impacto da regra da prioridade por veciñanza, cun aumento da puntuación para aquelas persoas que vivan no concello no que se atopa o centro, seguido dos concellos limítrofes, da área de influencia e do resto da provincia. Ademais, elimínase o criterio que distinguía se o concello de procedencia da



persoa solicitante contaba ou non cun centro de atención a maiores, xa que todos os centros da rede funcionan ao máximo da súa capacidade.

Así mesmo, nesta nova ordenanza amplíase o indicador de vinculación coa residencia, posto que, ademais de ter en conta a existencia de familiares por consanguinidade, inclúese tamén a posibilidade de valorar vínculos afectivos familiares, -como matrimonios-, e non só familiares, como, por exemplo, amigos ou veciños dalgún usuario co que desexen compartir centro "porque manter a unidade familiar e afectiva tamén é parte do coidado".

Pablo Rivera avanzou tamén que "no que afecta á escala social, esta normativa inclúe dous novos criterios de valoración. O primeiro deles é a

introdución da soidade non desexada, coa que se pretende favorecer a aquelas persoas que se atopan en situación de illamento: unha realidade que afecta a súa saúde, a súa autonomía e ao seu benestar". E o segundo indicador que se vai ter en conta é o entorno da persoa solicitante "puntuando situacións de afastamento reais: parroquias remotas, falta de transporte, carencia de servizos... vivir no rural non pode penalizar, ao contrario, debe ser tido en conta".

No que ten que ver cos trámites administrativos, a normativa "simplifícaos e axilízaos. As persoas interesadas en solicitar unha praza poderán presentar unha única solicitude para ter acceso a todos os Centros de Atención a Maiores.

A codocencia

O PUPITRE



Julio Díaz

Escoitei hai uns días que o Ministerio de Educación, Formación Profesional e Deportes prepara dende hai tempo un plan de inclusión educativa -que manda a LOMLOE- e que daría "pautas" comúns en todo o Estado para implementar a coeducación nos últimos cursos de Primaria e nos primeiros da ESO.

Pero que é a codocencia? É unha docencia compartida que implica que dous ou máis profesores traballen ao mesmo tempo na mesma aula; é diferente do que entendemos como apoio na aula. Os docentes que a prac-

tican pode ser para impartir a mesma materia, ou ben xuntarse de diferentes áreas e ensinar baixo o mesmo fío condutor.

A memoria económica do Anteproxecto de Lei para a baixada de ratios nas aulas xa contempla a posibilidade da presenza de dous docentes nas aulas. Sinala "alternativas" que non esixen necesariamente un desdoblamento físico da clase, senón que abren a posibilidade de organizar formatos tan ou máis eficaces para a mellora da atención ao alumnado, como son a codocencia e os apoios na aula. Existen distintos tipos de codocencia: a de observación, na que o docente dirixe a clase e o outro observa e recolle información para logo analizala de forma conxunta.

A codocencia alternativa, na que cada docente realiza unha

actividade da mesma materia en diferentes subgrupos da clase.

A codocencia paralela, na que os dous comparten e ensinan a mesma información, pero divíden a aula en dúas; a codocencia en equipo ou grupos cooperativos, entre outras fórmulas. Pero o obxectivo é o mesmo: mellorar o rendemento e coñecemento do alumnado.

É certo que a escaseza de recursos persoais nos nosos centros educativos limita as posibilidades de implantar a docencia compartida de maneira sistemática e con continuidade. Mais isto non imposibilita a creación de codocencia dentro das nosas aulas.

Outro aspecto clave a valorar na codocencia é a implicación de persoas alleas ao centro. As experiencias con especialistas e



voluntariado son enriquecedoras e gratificantes desde o punto de vista pedagógico, social e emocional.

Aproveito desde o meu "Pupitre" para trasladar a miña felicitación a Ana Hernández, impulsora da codocencia, compañeira de Leganés que rozou o Nobel

de Educación, e a primeira vez que unha persoa española chega ao top 10 do Global Teacher Prize que gañou Rouble Nagi, profesora india galardoada cun millón de dólares en febreiro de 2026 durante o cumio Mundial de Goberno celebrado en Dubai. Parabéns.

BALEIRA: Enrique Martínez-Puga

“Gustaríame que me visen como unha persoa accesible”



DATOS

HABITANTES: 1.093.
PARROQUIAS: 12.
EXTENSIÓN: 168,2 km².
PARTIDO XUDICIAL: A Fonsagrada.
CORPORACIÓN: 6 concelleiros do PP, 2 do PSOE e 1 do BNG.
ALCALDE: Enrique Martínez-Puga.
VOCEIRO PP: José Tellado.
VOCEIRO BNG: Tino Díaz.

O alcalde de Baleira leva desde o ano 2013 á fronte da Alcaldía, un tempo que valora de maneira positiva, xa que ve máis beneficios, destacando que é “un orgullo”, que sacrificios

Explíquenos un pouco como se iniciou na política e como se vinculou ao seu partido.

Eu tiña unha relación de amizade co anterior alcalde. Eu estaba traballando en Baleira e el propúxome ir nas listas con el no ano 2009, e no ano 2011, nas eleccións, foi cando entrei por primeira vez no goberno local de Baleira como tenente de alcalde.

Como deu o salto o recibiu o impulso para ser alcalde?

No ano 2013, ese alcalde, Francisco Acal, morreu, e pase eu a ser alcalde do municipio. Porén, valoro a etapa de tenente alcal-

de porque foi aí cando empecei a coñecer un pouco o que era a política, os beneficios que se podían conseguir e tratar de facer cousas para conseguir avances para todos.

A nivel persoal, que sacrificios supón formar parte do Goberno do Concello?

Máis que sacrificio, paréceme un orgullo formar parte do Goberno do Concello, aínda que é verdade que sempre tes que estar dispoñible para calquera cousa que che manden.

“Paréceme un orgullo formar parte do Goberno do Concello, aínda que é verdade que sempre tes que estar dispoñible para calquera cousa que che manden”

E beneficios?

A nivel de beneficios está claro que a relación que asentei me dá a posibilidade de facer as cousas que para mellorar a túa vida e a dos veciños, así como axudar a facer o mellor para o pobo.

Como equilibra a vida pública e a privada?

Ben, trato de separala totalmente, porque a vida pública non ten espazo para a vida privada. Trato de conciliar, de que non inflúa nos problemas da vida persoal e trato de levala o mellor posible.

Cales son os seus obxectivos a nivel político?

Non teño máis obxectivos políticos que os que conseguín ata o de agora, non teño máis aspiración política que servir aos veciños e tratar de facer cousas que sexan beneficiosas para eles.



E se renova na Alcaldía cales son as principais actuacións previstas?

Aínda non sei se renovarei como alcalde, xa que temos que falalo entre o equipo de goberno, pero os proxectos dependen das condicións económicas. A idea sería tratar de poñer a maior cantidade de augas en funcionamento e explotar as rutas turísticas que temos en Baleira destacando o potencial turístico e que iso traia xente ao pobo para pasar uns días como para asentar poboación no municipio. E tamén continuar no traballo en favor dos servizos sociais e a conservación das infraestruturas.

Cales son as principais liñas do seu programa?

Ao ser un concello pequeno, temos limitacións económicas, case o 60 % do orzamento está dirixido a pagar ao persoal. O que temos máis interese agora mesmo é ter os servizos de augas e todos os servizos sociais, como o SAF, funcionando ben, iso é o que realmente le beneficia ao pobo. Logo, as infraestruturas e tratar de levar adiante algunhas propostas que poidan encaixar a pesar dos poucos cartos que temos.

Cales considera que son as principais necesidades no seu concello?

A principal necesidade é o relativo ás comunicacións e aos servizos sociais. Temos unha necesidade dunha piscina en condicións, xa que temos unha e estamos manténdoa como podemos, pero cremos necesaria unha nova. Tamén necesitamos poñer en funcionamento o polígono industrial de Baleira para

que sexa un polo de inversión do municipio.

De que proxectos se sente máis orgulloso?

Todos os que se puideron facer no tema dos servizos sociais. O SAF é moi complicado economicamente pero é moi necesario pola cantidade de persoas maiores que hai. O tema da resi-

“Necesitamos poñer en funcionamento o polígono industrial de Baleira e que sexa un polo de inversión”

dencia e do centro de día tamén foron proxectos moi importantes para que a poboación que non pode estar na casa poida estar atendida pero no seu entorno. Tamén é importante o arranxo de traídas de auga e actos culturais que se intentan facer para dinamizar a sociedade, como as festas de entroido, nadal, cocido...

Que lle gustaría que os veciños visen en vostede como alcalde?

Quixera que os veciños me visen como una persoa accesible, próxima e que saiban e confíen en que poden falar comigo para propoñerme ideas e propostas, porque sempre estou disposto a facer o que sexa para mellorar as súas vidas.

Como é a súa relación coa oposición?

Supoño que como en todos os concellos; correcta, e sempre estamos abertos a suxerencias sempre que sexan realistas e poidan levarse a cabo.

EN CLAVE PERSOAL

- **Idade, estado civil e familiar**
66 anos, casado e con dous fillos
- **Profesión e formación**
Médico
- **E se non o fose, que lle gustaría ser?**
Enxeñeiro
- **Que quería ser de maior**
Transportista
- **Que fai para desconectar?**
Pasear, ler, ver a tele e escoitar música
- **Unha virtude e un defecto**
O tesón e que son testudo
- **Un consello para compartir**
Hai que ser feliz sen facer mal a ninguén
- **Un libro, unha película ou/e un grupo de música/cantante**
‘El médico’, de Noah Gordon; ‘Héroes en el infierno’; e Supertramp ou Pink Floyd
- **Unha afección**
O fútbol

- **Un lugar que visitar**
Roma
- **Unha comida e unha bebida**
Un bo cocido galego e un viño da casa
- **Unha personaxe admirada**
Christiaan Barnard, o primeiro médico que levou a cabo o primeiro trasplante de corazón humano do mundo
- **Unha posesión prezada**
Non son de cousas materiais, para min é a familia
- **Un desexo**
Saúde, para min e para todos
- **Algo para esquecer**
O mal humor da xente, en xeral e continuamente
- **Que é o que máis valora nunha persoa?**
A sinceridade
- **Un desafío pendente**
Facer o Camiño de Santiago
- **Onde se ve en cinco anos?**
Espero que con saúde disfrutando da miña familia e con saúde

O BNG de Pol denuncia a redución da atención no centro de saúde



O BNG de Pol criticou a situación actual do centro de saúde do municipio, denunciando unha perda progresiva da calidade asistencial debido á falta de cobertura das baixas do persoal sanitario. A través do seu portavoz municipal, a formación nacionalista alerta dun deterioro no servizo tras a decisión da Consellería de Sanidade de non cubrir adecuadamente a praza deixada vacante pola xubilación dun médico. Segundo sinalan desde o BNG, a situación traduciuse nunha redución significativa da atención dispoñible. Mentres anteriormente o centro contaba cun servizo completo ao longo de toda a semana laboral, agora a asistencia limitase a tres días, con xornadas de apenas catro horas e atendidas por profesionais distintos, o

que consideran insuficiente para garantir unha atención sanitaria de calidade. Desde a formación subliñan que o sistema sanitario público precisa medidas estruturais e non solucións temporais. Neste sentido, reclaman unha planificación eficaz, estabilidade no cadro de persoal e un número suficiente de profesionais que permitan cubrir as necesidades da veciñanza. Pola súa banda, desde o Sergas aseguran que a atención sanitaria está garantida e que se están a realizar todos os esforzos posibles para manter o servizo. Porén, recoñecen a dificultade para atopar médicos substitutos, unha problemática que, segundo indican, afecta non só a este municipio senón ao conxunto de Galicia.

Máis de 250 persoas de diversos puntos participaron na XVII Ruta Trotamontes 4x4

A XVII Ruta Trotamontes 4x4 de Pol reuniu arredor de 250 participantes chegados de distintos puntos de Galicia, Asturias e Castela e León, e incluso doutros lugares próximos interesados nas actividades off-road e de convivencia. Esta clásica cita do motor en todoterreo, que tamén permite a participación en moto, quad e outros vehículos todoterreo, tivo carácter turístico e non competitivo, e percorreu camiños e pistas forestais dos municipios de Pol, Ribeira de Piquín e Baleira, ofertando un percorrido de arredor de 90-100 quilómetros por terreo variado e sinalizado.

Os participantes iniciaron o percorrido desde Mosteiro ás 9.00 horas, despois de recoller os dorsais desde as 7.30 da mañá, e avanzaron por tramos de natureza e monte que

ofrece un escenario ideal para esta modalidade. Ao longo da xornada fixeron varias paradas, entre elas unha ás 11.00 horas para tomar café e outra ás 14.00 horas para xantar, e a ruta rematou arredor das 19.00 horas, momento no que regresaron ao lugar de saída.

Xa pola noite, no pavillón municipal celebrouse unha cea de confraternidade convocada para as 20.30, que serviu de encontro e celebración entre os participantes e acompañantes, e contou coa animación musical da discoteca móbil de Hermo, que animou a festa ata altas horas.

A edición deste ano, organizada polo Club Trotamontes de Pol, mantivo o espírito de camaradería e descuberta dos montes do interior, consolidándose como un evento esperado polos afeccionados ao motor.

“O importante é aprender, xuntarnos e pasalo ben”

Sergio Marey, mestre das aulas de pandeireta que nace no berce da asociación cultural Leña Verde, di que é “unha actividade dinamizadora da sociedade”

Como xorde o grupo de pandeireteiras e nunha localidade tan pequena?

O grupo de pandeireteiras xurdiu na asociación cultural Leña Verde porque eu quería colaborar coa asociación e aportar novas actividades. Así, xurdiu a idea de organizar unhas aulas de pandeireta, tendo en conta que Leña Verde estaba a celebrar o seu 30 aniversario, o que tamén ofrecía a oportunidade de recordar aqueles tempos nos que se impartían clases. Propúxenllo á asociación, a quen lle pareceu ben, e lanzamos a convocatoria para quen quixese participar nestas aulas. A inscrición foi numerosa, o que demostrou que había interese e ganas de participar. Este tipo de actividades son especialmente importantes nos concellos rurais e pequenos, que necesitan dinamización cultural.

Que persoas conforman o grupo?

Agora mesmo temos 15 persoas e son todas mulleres menos un rapaciño, e hai de todas as idades, xa que temos unha nena de 11 anos e hai persoas de ata 70 anos. Ademais, non só vén xente de Pol, tamén hai xente doutras parroquias e incluso de Lugo e pode apuntarse calquera persoa interesada nas aulas. Así, xuntámonos os venres antes do ensaio de Leña Verde, ás 20.30 horas, e facemos ensaios de arredor dunha hora.



En que consisten os ensaios?

Nós empezamos desde o máis básico. Aprendemos pouco a pouco a tocar a pandeireta e imos traballando en perfeccionar cada tipo de toque, ademais de aprender a cantar, así seguimos o exercicio toque-canto que facían as verdadeiras pandeireteiras. Ás veces, o toque-canto angustia un pouco, pero cóllese o truco moi rápido, non é que sexa cortar unha cenoria, pero imos aprendendo pouco a pouco, e sobre todo pasámolo ben. Abrazamos o erro, buscamos onde nos equivocamos e aprendemos, facemos que todo sexa moi amigable, para que a xente non lle colla medo. O importante é aprender, xuntarnos e pasalo ben.

O máis importante é darlle a Pol unha actividade para dinamizar a vida cultural da vila, non?

Exacto, reunímonos arredor de algo tan chulo como é a nosa tradición e desde o principio intentamos que perdan o medo a tocar a pandeireta e a cantar. Ademais, cantar en grupo non é o mesmo que cantar individualmente. O que importa é como sonemos todas e que a variedade de voces sonen ben de forma conxunta. Ao final, estas pequenas cousas axudan a que haxa unha apreciación cara ao noso, porque intento ensinar-lles cancións que son de aquí de Pol e así tamén damos a coñecer a tradición da pandeireta, e non só da gaita, porque temos grandes referentes na gaita, pero ás veces se nos esquece que hai unha gran riqueza en pandeireta, como Dorothe Schubarth, unha das grandes musicólogas da nosa tradición, que visitou Pol varias veces.

O Concello de Pol celebrará a XXX comida anual da Terceira Idade

O Concello de Pol anunciou que o sábado 25 de abril celebrará a súa tradicional comida anual da Terceira Idade, un encontro que nesta ocasión chega á XXX edición e que se manterá como unha das citas sociais máis salientables do calendario local para a xente maior do municipio.

A xornada de convivencia terá lugar no pavillón polideportivo municipal de Mosteiro e darase inicio ás 13.30 horas cunha misa, inmediatamente antes do xantar, ao que seguirán momentos de reunión e celebración entre os asistentes no

devandito pavillón.

Tal como nas edicións anteriores, o Concello anima ás persoas maiores de 65 anos ou pensionistas empadroadas no municipio a participar nesta comida de confraternidade, que tamén serve como punto de encontro para reforzar lazos sociais e celebrar o paso dos anos nesta comunidade.

Para organizar mellor a xornada e garantir a capacidade no espazo, os interesados en asistir deben confirmar a súa presenza antes do 21 de abril nas oficinas municipais ou chamando aos teléfonos 982 345

029 e 982 345 038 do propio Concello de Pol.

Ademais do xantar e da misa, a celebración contará con actividades lúdicas e musicais, pensadas para fomentar a diversión e a interacción entre os participantes.

O Concello destaca que esta cita non só é un momento de encontro e convivencia, senón tamén unha oportunidade para recoñecer a importancia da poboación maior na vida comunitaria e manter vivas as tradicións locais, reforzando o sentido de pertenza ao municipio.

Outeiro de Rei acollerá a II Feira do Libro o vindeiro 17 de abril

O Concello de Outeiro de Rei e o CEIP Laverde Ruiz organizan a segunda edición da Feira do Libro, que terá lugar o vindeiro venres, 17 de abril, unha iniciativa que regresa tras a boa acollida acadada o pasado ano, cando reuniu a dez escritores e escritoras que participaron en sinaturas de exemplares da man de tres librarías presentes durante toda a xornada. Na primeira edición, a actividade desenvolveuse cunha ampla participación, especialmente durante a mañá, cando o alumnado do centro educativo asistiu ás propostas programadas, entre as que destacaron sesións de contacontos e a actuación do mago David. Pola tarde, a feira abriu ao público xeral, con actividades dirixidas a todas as idades e cun peche musical protagonizado pola Escola de Música de Outeiro de Rei.

Para este ano, a organización aposta por ampliar a proposta, cun horario de 10.00 a 14.30 horas e de 16.00 a 20.00 horas. A feira contará cun maior número



de escritores, un total de 14, entre os que se atopan Ana Meilán, Antía Yáñez, Francisco Narla, Marta Villar, María Nieto, Estefanía Padullés e Sonia Arias, entre outros. Con respecto ás librarías participantes este ano serán dúas máis, cun total de 5 establecementos.

O programa incluírá novamente contacontos con Estefanía Padullés e obradoiros, como un de cómic e outro de escritura creativa. Durante a mañá, como o ano pa-

sado, a programación estará enfocada no público infantil, xa que o alumnado do CEIP Laverde Ruiz pasará polos diferentes postos e poderán ver a exposición de libros xigantes elaborados pola comunidade educativa.

Pola tarde celebrarase un sorteo organizado polo Concello, mentres que o peche do evento correrá a cargo do mago David, que regresará para poñer o broche final á feira.

Leváronse a cabo actuacións de emerxencia na A-6, en Outeiro de Rei

O Ministerio de Transportes e Mobilidade Sostible executou na auto-vía A-6 ao seu paso polo Concello de Outeiro de Rei, as actuacións de emerxencia incluídas no plan extraordinario posto en marcha para reparar os danos provocados polo tren de borrascas deste inverno.

Estas intervencións forman parte dun paquete de actuacións que abrangue tamén as estradas N-6 e N-640, cun investimento conxunto de 2,9 millóns de euros destinado á rehabilitación do firme e á mellora das condicións de seguridade viaria nas principais vías de acceso e conexión coa cidade.

A subdelegada do Goberno, Olimpia López, destacou que o Goberno está a actuar "con planificación e medios técnicos" para dar resposta aos efectos das intensas choivas dos últimos meses, que provocaron un deterioro significativo en distintos puntos da rede estatal na provincia.

A subdelegada puxo en valor a importancia destas actuacións no entorno de Lugo, onde se concentra un elevado volume de tráfico diario, tanto de vehículos particulares como de transporte de mer-



cadorías. "Estamos a actuar en vías fundamentais para a mobilidade da cidadanía e para a actividade económica, garantindo que estean en condicións axeitadas", sinalou. López incidiu en que este plan extraordinario responde a unha situación excepcional derivada de varios meses consecutivos de borrascas, lembrando que o Goberno iniciou as obras "en canto as condicións meteorolóxicas o permitiron", como xa indicara noutras visitas realizadas na provincia. "A conservación das estradas é unha tarefa continua, pero en situacións como esta é necesario

reforzar os medios e actuar con maior intensidade para garantir a seguridade viaria", afirmou.

As intervencións na N-6, A-6 e N-640 forman parte dunha estratexia coordinada para mellorar o estado das infraestruturas viarias na contorna da cidade de Lugo, un nodo clave de comunicacións na provincia.

O obxectivo destas actuacións é actuar nas principais vías que canalizan os accesos á cidade, mellorando a súa funcionalidade e asegurando unhas condicións de circulación máis seguras e eficientes.

Unha sentenza avala a denuncia do BNG contra o alcalde

O xulgado do contencioso vén de ditar unha sentenza na que se dá a razón ao BNG de Outeiro Rei porque o alcalde "vulnera os dereitos dos concelleiros e concelleiras do Bloque Nacionalista Galego no exercicio das súas funcións nos plenos municipais".

A resolución xudicial dá a razón ao grupo municipal do BNG ao recoñecer que se produciron actuacións que lesionaron os seus dereitos como representantes públicos, "especialmente no relativo á participación e ao exercicio da súa función de control e fiscalización do goberno municipal".

Dende o BNG subliñan que esta sentenza confirma o que levan anos denunciando publicamente: "unha forma de actuar por parte da Alcaldía que limita a participación da oposición e que dificulta o normal funcionamento democrático da institución municipal". Neste sentido, sinalan que durante anos veñen advertindo dun comportamento que consideran "claramente antidemocrático" por parte do alcalde de Outeiro de Rei. Para o grupo municipal nacionalista, o seu traballo no Concello non ten outro obxectivo que trasladar ás institucións as demandas e preocupacións da veciñanza. "Pre-

sentar e debater iniciativas que a propia veciñanza nos traslada é precisamente o que este grupo municipal tenta facer, cumprindo coa responsabilidade que temos como representantes públicos", sinalan.

A formación nacionalista considera especialmente relevante que a propia sentenza afee ao Concello determinadas prácticas que limitaban a participación do grupo municipal do BNG nos plenos. Así mesmo, pon de manifesto "a necesidade de contar cun regulamento que estableza con claridade o funcionamento das sesións plenarias e garanta os dereitos de todos os representantes públicos". Dende o BNG sinalan que o recurso á vía xudicial foi unha decisión adoptada "para defender os dereitos democráticos e garantir que a corporación municipal funcione con normalidade institucional, respecto e transparencia".

Finalmente, agardan que esta sentenza sirva para corrixir estas prácticas e para que no futuro se respecte plenamente o papel da oposición, permitindo que todos os grupos municipais poidan exercer as súas funcións en igualdade de condicións e con total respecto ás regras democráticas.

As comisións de festas poden solicitar unha actuación das agrupacións musicais



O Concello de Outeiro de Rei, a través da Escola de Música Asociación Músico Crisanto de Outeiro de Rei, Rábade, Begonte e Friol pon á disposición das parroquias, asociacións e comisións de festas do municipio catro actuacións anuais gratuítas. As actuacións poderanse programar en horario comprendido entre as 11.00 e as 21.00 horas e terán unha duración aproximada de 45 minutos.

Pódense solicitar as agrupacións da Coral e do Grupo Tradicional. Como o número de actuacións é limitado, terán preferencia as parroquias ás que non se lles fora concedida con anterioridade e aquelas actuacións que sexan para festas patronais, con respecto a outras de carácter veciñal.

O prazo de presentación de solicitudes estará aberto ata o 24 de abril.

portomarín

Portomarín acolleu a 54ª edición da Festa da Augardente

Portomarín celebrou a 54ª edición da Festa da Augardente, unha cita consolidada no calendario festivo da comarca. Baixo o lema 'Camiño de auga e soños', a festa reuniu veciños e visitantes nun programa repleto de actividades culturais, gastronómicas e musicais.

O inicio oficial da festa estivo marcada pola sesión vermú amenizada pola Orquestra Los Españoles. O xantar popular incluíu a XIV edición da Degustación da Anguía, unha xornada gastronómica que combinou tradición culinaria, ambiente festivo e diversas propostas para o público asistente, reforzando a relevancia gastronómica do produto local.

Pola tarde, actuou a Asociación Cultural A Legua Dereita, seguida da X Carreira Popular "A Carón do Río", que reuniu a numerosos participantes. A xornada pechouse coa actuación do DJ Nico Vázquez e a verbena da Orquestra Los Españoles, que animou a noite festiva ata o peche dos postos.

O domingo, a celebración arrancou co prendido de alquitaras na Praza do Camiño e a apertura dos stands, recreando o proceso tradicional de elaboración da augardente. Celebráronse a solemne procesión do Santo Encontro e a misa na Igrexa de San Xoán, así como unha actuación da Asociación Cultural Río Miño. Durante a xornada desenvolveuse o Cabildo Xeral da Orde Serenísimas da Alquitara, no que se realizou a recepción dos novos cabaleiros e damas, seguido do pregón da festa, que nesta edición correu a cargo de Estebán Ramón Pérez López, veciño de Portomarín.

Xa pola tarde, a animación percorreu as rúas da vila coa actuación da charanga "Eravisto" con escenario móbil, acompañando o ambiente festivo. A programación concluíu co peche dos postos e o remate da festa, poñendo fin a unha fin de semana na que Portomarín se converteu novamente no epicentro da tradición augardenteira galega.

o corgo

José Chousa lamenta que no Corgo deixase de celebrarse a feira mensual

O expresidente da asociación Os Cinco Ríos do Corgo, Jose Chousa, reaccionou á recente posta en marcha dunha feira mensual en Outeiro de Rei felicitando aos promotores, a Asociación de Veciños de Santa Isabel, que contan co respaldo do Concello de Outeiro para desenvolver esta iniciativa.

José Chousa destacou que "o desenvolvemento desta iniciativa significa que a nosa proposta era pioneira e fabulosa, por iso xa se está a copiar noutros concellos. Porén, no Corgo os organismos públicos tiráronnos cara a atrás".

A asociación Os Cinco Ríos organizaba mensualmente feiras con decenas de postos que animaban o municipio, ata que o pasado 9 de novembro, na celebración da Asemblea Xeral Ordinaria, se decidiu deixar a entidade en mans dunha xestora, que

asumirá a xestión ata a conformación dunha nova directiva.

Así, cesaron as actividades, limitándose a presentar escritos para atender as necesidades dos veciños. Chousa lamenta a deriva que tomou a asociación e recalca que "queríamos o mellor para O Corgo".

Ao longo destes anos, a asociación desenvolveu actividades culturais e lúdicas para a veciñanza, desde campionatos de tute, charlas, obras de teatro e bailes dominicais, cursos, animación infantil e mercadiños mensuais.

Unha das citas máis destacadas foi o "mercado de oficios" anual en agosto, que acolleu en 2025 arredor de 75 postos e incluíu exhibición de maquinaria, degustación de cordeiro á prancha, coches clásicos, motos, actuacións musicais e feira de artesanía.

castroverde

A Semana Santa de Castroverde encheu a vila de fe e cultura

A igrexa de Santa María de Vilabade acolleu con grande éxito catro concertos de Abraham Cupeiro, que serviron como apertura da programación da Semana Santa en Castroverde. O músico e compositor sarriao presentou o espectáculo 'Ao son de Santa María de Vilabade' nun formato íntimo que puxo en valor tanto a acústica do templo como a riqueza sonora dos instrumentos históricos que caracterizan a súa traxectoria. O concerto contou coa participación de Laura La-Montagne, Fillas de Cassandra e en ambos concertos o cantante norirlandés Mathew Ward. A Semana Santa de Castroverde continuou co Domingo de Ramos, no que houbo procesión desde o Mercado Gandeiro, con bendición dos ramos diante da Residencia O Castro e misa no Pavillón Municipal ante unhas 500 persoas. Xa o Mércores Santo tivo lugar a procesión da Cofradía



Virxe do Castelo, que comezou diante do albergue municipal e finalizou na igrexa parroquial, acompañada pola música da Banda de Gaitas Zuncurrundullo. Durante o Xoves Santo, celebrouse o rito do lavado dos pés aos nenos que recibían a Primeira Comunión, mentres que o Venres Santo desenvolveuse un Vía Crucis polos cruceiros da parroquia de Sampaio.

A Vixilia Pascual foi Vilabade e, ao remate, compartíuse un momento de convivencia con pinchos no local social Paco Pestana. Con esta programación, a organización conseguiu consolidar a Semana Santa en Castroverde, combinando tradición, cultura e vida comunitaria, e reforzando a participación das parroquias e a implicación dos veciños nas distintas celebracións.

Amigos do Patrimonio organiza unha nova visita aos fornos do Cal

A asociación Amigos do Patrimonio de Castroverde organiza o vindeiro domingo 19 de abril unha nova edición da visita aos fornos do Cal, unha iniciativa que combina divulgación patrimonial e actividades culturais ao longo de toda a xornada.

Estes fornos xa foron obxecto de visitas en ocasións anteriores debido ao seu destacado valor histórico e etnográfico, converténdose nun dos elementos patrimoniais máis relevantes da zona e nun punto de interese

recorrente para actividades de posta en valor do territorio.

O programa dará comezo ás 10:00 horas na praza do concello, punto de encontro desde o que, quince minutos despois, partirá un percorrido por diferentes enclaves da zona, incluíndo Rebordaos, Souto de Torres, Outeiro e Souto.

Esta ruta permitirá ás persoas participantes achegarse ao valor histórico e etnográfico destes espazos.

Tras a actividade matinal, a or-

ganización ten previsto celebrar un xantar ás 14:00 horas, favorecendo así a convivencia entre os asistentes nun ambiente distendido.

A programación continuará pola tarde cunha proposta cultural centrada na música. A partir das 17:00 horas, o Centro Sociocultural Paco Pestana acollerá a actuación do grupo Son de Corda co proxecto 'Na Casa Delas', acompañado por Raúl Rodríguez ao piano, dentro do proxecto Cantar Delas.

Castroverde celebra a XXVI Festa de homenaxe aos nosos avós

O Concello de Castroverde organizará o domingo 19 de abril a XXVI Festa de homenaxe aos nosos avós, unha cita xa consolidada no calendario local que busca recoñecer o papel dos avós e avoas na sociedade. Este tipo de encontros favorecen que as persoas maiores poidan reunirse, compartir experiencias e manter

vivos os lazos sociais, contribuíndo así ao seu benestar emocional e á loita contra o illamento.

A programación comezará ás 12:45 horas coa recepción das persoas asistentes na Praza do Concello. Posteriormente, ás 13:00 horas, celebrarase unha misa na igrexa parroquial, antes de dar paso ao xantar de confraternida-

de, que terá lugar ás 14:00 horas no pavillón municipal A Ferrería. A xornada completárase con música e baile, nun ambiente festivo pensado para favorecer o encontro e a convivencia entre veciños e veciñas.

Será necesario recoller as entradas nas dependencias municipais antes do venres 10 de abril.

O equipo de fútbol gaélico foi recoñecido por ser campión galego

O equipo de fútbol gaélico do CPI de Friol proclamouse campión galego sub 15 no campionato autonómico celebrado en Boqueixón (A Coruña), tras unha destacada participación na que amosou un alto nivel competitivo ao longo do torneo.

O conxunto, xestionado polo propio centro educativo e adestrado por Alexander Sanmartín, acadou este éxito grazas ao traballo colectivo e á progresión dos xogadores, consolidándose como un referente nesta disciplina a nivel autonómico.

Coa consecución deste título, o equipo representará a Galicia no campionato de Europa que se celebrará o vindeiro 2 de maio en Maastricht (Países Baixos), onde competirá con outros equipos internacionais nunha



cita de gran relevancia para o fútbol gaélico base.

Por iso, o Concello de Friol celebrou unha recepción oficial en homenaxe ao equipo local de fútbol gaélico, nun acto marcado pola emoción e o orgullo compartido pola veciñanza.

Durante o evento, os representantes municipais puxeron en valor o esforzo, a constancia e o compromiso dos xogadores ao longo da tempada, destacando que este triunfo é o reflexo dos valores deportivos e humanos que identifican á vila.

Friol acollerá en abril unha das rutas de sendeirismo inclusivo con cans

A Fundación María José Jove (FMJJ) elixiu o municipio lucense de Friol como destino dentro da súa programación de roteiros de sendeirismo inclusivo, unha actividade coa que a entidade pretende facilitar que persoas con mobilidade reducida poidan desfrutar da contorna natural galego.

A proposta da Fundación María José Jove é unha ruta interpretada por Terras de Friol e a Fortaleza de San Paio de Narla. Celebrase o próximo 19 de abril e os participantes -todas as persoas interesadas poden inscribirse desde hoxe, sendo as prazas limitadas- estarán acompañados por cans de terapia.

Trátase dun percorrido de 4,6 quilómetros, de dificultade media-baixa e que concluirá cunha comida na área recreativa de Castro Friulio. A saída será o domingo 19 de abril ás 09.30 horas, desde a residencia universitaria Rialta (A Coruña), e o retorno está programado para as cinco da tarde en transporte adaptado facilitado pola FMJJ.

Este ano, dentro do seu compromiso coa promoción do lecer inclusivo, a Fundación María José Jove ampliou a súa oferta ata un total de 12 rutas, catro máis que na edición anterior, que se desenvolven nas catro provincias galegas. Ademais, seis destes roteiros son con participación de

cans de terapia, incorporando un valor engadido á experiencia. Neste sentido, alén de Friol, para a provincia de Lugo xa están previstas polo menos dúas rutas máis con cans de terapia: en Cospeito, no mes de maio; e en Guitiriz, en xullo.

A presenza dos cans de terapia ten como finalidade que poidan acompañar en todo momento ás persoas participantes para incrementar a súa motivación e estimulación. Durante o percorrido, os animais van maioritariamente con correa e, naqueles tramos que o permitan, poden ir soltos para favorecer a interacción directa cos participantes.

A Deputación aproba o arranxo de 11 km nunha estrada de Friol

A Deputación provincial deu luz verde á licitación por 305.101,79 euros do arranxo dun tramo de case 11 quilómetros de LU-P-2106, en Friol. Trátase dun proxecto co que a estrada, que conecta este municipio co lugar de Lousado polo de Cimadevila, quedará completamente renovada.

O proxecto en un prazo de execución de catro meses. A licitación inclúe todas as actuacións necesarias para garantir que o tramo quede completamente renovado, desde a reapertura de cunetas e reparación de danos ata a repavimentación e a reposición da sinalización vertical, cumprindo o prazo de execución de catro meses previsto no proxecto.

Pablo Rivera fixo especial fincapé en que "o noso compromiso coa mellora da rede viaria provincial non entende de partidos nin de co-

res políticas, senón que responde a unha prioridade clara: garantir a seguridade dos veciños e veciñas e asegurar as conexións nos 67 municipios da provincia. Para nós, investir en mobilidade é tamén investir en cohesión territorial".

Este proxecto suporá un importante impulso económico local, ao mobilizar recursos e xerar emprego temporal durante a fase de execución.

Investirán case 350.000 euros en obras de mellora en varias vías



O Concello de Friol levará a cabo nove obras de mellora de camiños e accesos en diferentes parroquias do municipio con investimento total de case 350.000 euros. Estas actuacións financiaranse con cargo ao Plan Provincial Único de Cooperación cos Concellos 2026.

Os proxectos inclúen traballos de pavimentación, mellora de firmes, hormigonado de accesos e acondicionamento de pistas agrícolas, actuacións que teñen como obxectivo mellorar o estado da rede viaria municipal e facilitar a mobilidade da veciñanza.

Entre as actuacións previstas atópase a pavimentación do acceso no núcleo de Cotá, con investimento de preto de 36.000 euros. Tamén se executará a pavimentación de accesos aos núcleos de Santa Marta, O Vento e Pereira, na parroquia de Vilavite, con orzamento de máis de 47.000 euros.

Outro dos proxectos consistirá na pavimentación de accesos no núcleo de Mazcarelle, na parroquia de Ousá, con presuposto superior aos 48.000 euros. Ademais, levarase a cabo unha actuación semellante no núcleo de Lagouzos, na parroquia de Cotá, con investimento de case 42.000 euros.

No núcleo rural de Xiá realizarase unha mellora do firme dos accesos, con presuposto próximo aos 30.000 euros. Tamén se mellorará o firme nos accesos de Enxeito e Carballo, con investimento de algo máis de 39.000 euros.

Outra das actuacións previstas é a mellora do firme no acceso a Guldrez de Arriba e os seus ramaís, con orzamento superior aos 48.000 euros.

Na parroquia de Condes, concretamente no lugar de Arriba, executarase un hormigonado do acceso a este núcleo rural, con investimento aproximado de 14.000 euros.

Finalmente, mellorarase o camiño agrícola que comunica os núcleos de Prado e Casanova, con presuposto de case 40.000 euros.

Desde o Concello destacan que se trata de actuacións de gran importancia para o municipio, xa que permitirán mellorar e manter camiños municipais que dan servizo a varias parroquias e a unha parte importante da veciñanza.

As vías nas que se actuará presentan actualmente un estado deteriorado debido ao uso continuado, ao paso de maquinaria agrícola e forestal, ás condicións meteorolóxicas e ao paso do tempo, o que dificulta o tránsito nalgúns tramos. Por iso, estas intervencións teñen como finalidade reparar as deficiencias existentes e previr novos danos.

Coa execución destas obras mellorarase notablemente a seguridade e a accesibilidade nos camiños municipais, contribuíndo así a incrementar a calidade de vida da veciñanza do Concello de Friol.

O alcalde de Friol, José Ángel Santos, destacou a relevancia destas actuacións para o municipio e sinalou que "estas obras supoñen un investimento moi importante para seguir mellorando a rede de camiños municipais e garantir mellores accesos ás nosas parroquias e aos núcleos rurais".

Neste sentido, o rexedor subliñou que "a mellora dos camiños é fundamental nun concello como Friol, cunha ampla dispersión da poboación e cunha gran actividade agrícola e forestal, polo que é necesario seguir investindo no mantemento e acondicionamento destas vías".

Con estas actuacións, o Concello pretende mellorar notablemente a seguridade e a accesibilidade nos camiños municipais, contribuíndo así a incrementar a calidade de vida da veciñanza de Friol.

EN BREVE



FORESTAL. O director xeral de Defensa do Monte, Manuel Francisco, recibiu ao rexedor do concello de Castro de Rei, Francisco Balado, con quen avaliou vías de colaboración para afondar na prevención de incendios forestais no concello.



FORMACIÓN. O 9 de abril impartírase unha actividade formativa dirixida a familiares e persoas que prestan atención a persoas dependentes co obxectivo de mellorar o seu benestar físico e emocional. A xornada desenvolverase entre as 16.30 e as 20.00 horas no Centro Cívico do Matodoso.



Xunta e Concello avalían os avances na mobilidade de terras e infraestruturas

A conselleira do Medio Rural, María José Gómez, mantivo unha xuntanza co alcalde de Castro de Rei, Francisco Javier Balado, na que analizaron os avances rexistrados no municipio en materia de mobilidade de terras, así como outras actuacións vinculadas á mellora das infraestruturas rurais. Durante o encontro, ambos responsables abordaron o estado das obras da parcelaria de Triabá, un proxecto que contempla a creación dunha rede de 30 novos camiños e que conta cun investimento superior aos 4,2 millóns de euros ata o ano 2028. Esta intervención, que comezou en

outubro de 2025, permitirá mellorar unha superficie de 1.163 hectáreas, nas que se distribúen un total de 3.144 parcelas pertencentes a máis de 550 propietarios. Ademais, no ámbito das infraestruturas rurais, salientaron que o concello de Castro de Rei dispón dunha axuda aprobada de preto de 88.500 euros no marco do Plan Camiña Rural 2025-2026. Con esta achega, estanse a executar diversas actuacións en varias vías de titularidade municipal co obxectivo de optimizar a accesibilidade e as comunicacións no rural.

O Castro de Viladonga acolle unha mostra sobre siderurxia

O Museo do Castro de Viladonga acolle unha exposición sobre siderurxia que culmina un proxecto de arqueoloxía experimental levado a cabo nos últimos anos neste centro, dependente da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude.

A mostra 'A siderurxia no Castro de Viladonga. Unha achega desde a antigüidade' está composta por diferentes paneis informativos, unha escolma de elementos metálicos atopados no castro e na súa contorna, e o forno utilizado no experimento, réplica dun forno de tipo galo-romano construída con pedra local e pallasbarro.

Permanecerá instalada ata o mes de outubro, e axudará aos visitantes a aproximarse ao inicio da metalurxia, afondando en aspectos como a obtención de minerais, a elaboración do ferro e outros subprodutos froito do proceso, e a fabricación de uten-



silios con estes materiais. A información tamén será accesible nos vindeiros días a través dun vídeo documental online titulado Da pedra ao ferro, que estará dispoñible na páxina web do Museo e nas redes sociais.

Javier Arias explicou que a Xunta promoveu en Viladonga un amplo estudo sobre as materias primas que podían atoparse na contorna, as técnicas, e as ferramentas coas que traballaban os

minerais. Contou coa colaboración da cooperativa Árbore Arqueoloxía e a parte práctica foi executada polos ferreiros Friedrich Bramsteidl e Jon Sánchez. Conxugou investigación e experimentación; en concreto, lograron reducir o mineral de ferro reproducindo os antigos procedementos, para o que se empregou goethita da zona de Valdeorras, carbón vexetal e ósos a modo de escourificante.

Ponte de Outeiro acolle a XI edición da Festa da Troita

Ponte de Outeiro acollerá o sábado 11 de abril, a 11ª edición da Festa da Troita, un evento gastronómico e festivo que reunirá a veciños e visitantes nunha xornada chea de actividades.

A celebración comezará ás 14:00 horas cunha sesión vermú, seguida dun xantar popular e unha sobremesa amenizada polo dúo EPO-K a partir das 18:00 horas. Pola noite, a partir das 22:30 horas, a festa continuará cunha verbena a cargo da orquestra Stereo e, ás 00:30 horas, a actuación de Eventec Cosmedeejay.

A festa contará cun Concurso de Pesca nas modalidades de lance, cebo e mosca. O venres 10 terá lugar o sorteo de dorsais, mentres que o sábado será a competición, que comezará ás 07:30 horas coa concentración dos pescadores. O concurso desenvolverase entre as 09:00 e as 13:00 horas, seguido dun xantar de irmandade ás 15:00 horas. A entrega de trofeos será ás 17:30 horas, e para rematar, haberá xogos populares.

Para aqueles que desexen participar no xantar, o prezo é de 30 euros, mentres que os que queiran participar nas dúas cousas, o xantar e o concurso, o prezo é de 45 euros. As entradas están dispoñibles no Restaurante Cabuxo en Muimenta e na tenda de deportes A Chaira en Castro Ribeiras de Lea.



Gandeiros reciben os diplomas do curso de xuíces de Rubia Galega

O deputado de Recursos Sostibles, Francisco Cajoto Caserío, participou na clausura da décimo sétima edición do Curso de xuíces gandeiros de Raza Rubia Galega, que desenvolve a Asociación Nacional de Criadores de Gando Vacún nas instalacións da Granxa Gayoso Castro. Cajoto Caserío felicitou aos preto da vintena de participantes que recibiron os diplomas acreditativos tras rematar esta acción formativa e destacou a importancia da colaboración da Deputación nesta iniciativa, sinalando que "é fundamental para mellorar e reforzar un sector estratéxico para a nosa provincia como é o agrogandeiro". Engadiu que "a gandería é un mo-

tor económico para a nosa provincia que xera emprego e contribúe á conservación do noso territorio e identidade".

O deputado trasladoulles tamén o importante traballo que a institución provincial está a levar a cabo nas instalacións provinciais da Granxa Gayoso e destacou a colaboración que a institución provincial mantén con Acruga na recría e mellora xenética da raza.

A entrega de diplomas pecha esta formación, que combinou teoría e práctica sobre o libro xenealóxico, a calificación lineal do gando vacún de carne e a valoración de animais segundo o prototipo da Rubia Galega.

rábade

O PSOE acusa ao Goberno de incumprir a normativa nas obras

O PSdeG de Rábade, a través do seu voceiro Alejandro Martínez, denunciou que o goberno local do Partido Popular incumpre de maneira reiterada as obrigas recollidas nas bases do Plan Deputación de Cooperación cos Concellos ao non instalar os carteis obrigatorios nas obras financiadas pola institución provincial. Considera isto unha práctica coa que, segundo explica, o PP oculta deliberadamente a orixe dos investimentos e que pode derivar na perda do financiamento provincial.

Martínez explicou que as bases do Plan Deputación establecen de forma clara a obriga de colocar carteis identificativos en todos os investimentos financiados, visibles ao inicio e ao final de cada obra e dende o comezo da súa execución, unha condición que, segundo denunciou, “non se está a cumprir en Rábade”.

“Nada de isto se está a cumprir pola alcaldesa do PP e o seu equipo de goberno”, afirmou o voceiro, quen puxo exemplos concretos como as obras da Avenida dos Remedios, onde o cartel “apareceu meses despois de iniciarse os traballos e tras requirimentos da propia Deputación”, ou as actuacións nas rúas Doutor Fleming e Miguel de Cervantes, “onde actualmente non hai ningún cartel instalado”.

“Non estamos ante un erro puntual, senón ante un incumprimento siste-



mático das normas que regulan o financiamento destas obras”, advertiu Martínez, quen considera que esta actitude responde á intención do Partido Popular de “ocultar que as únicas actuacións que se están a executar en Rábade proceden dos gobernos progresistas da Deputación de Lugo e do Goberno de España”.

O PSdeG alertou ademais de que este incumprimento pode ter consecuencias económicas para o Concello, xa que tal e como recollen as propias bases Plan Deputación, “o incumprimento do deber de publicitar as axudas concedidas implicará a perda do dereito”.

“Neste momento están en xogo miles de euros correspondentes ás anualidades 2024 e 2025 por unha decisión irresponsable do goberno do PP, que antepón o seu interese

político ao interese xeral da veciñanza”, sinalou Martínez.

O PSdeG considera “inaceptable” que o PP poña en risco investimentos fundamentais para o desenvolvemento do municipio por non cumprir unha obriga básica asociada ás axudas públicas, e esixen ao goberno local que rectifique de inmediato, coloque os carteis identificativos e garanta o cumprimento das bases.

“Rábade non pode permitirse perder recursos por desidia nin por sectorismo. A veciñanza ten dereito a saber que as obras que se están a executar no municipio están financiadas polos gobernos do Partido Socialista, e tamén a que se garantan todos os investimentos posibles para o noso concello”, concluíu o voceiro socialista.

guntín

Melloran o acceso a Lousada de Baixo para reforzar a seguridade



O Concello de Guntín vén de executar unha actuación de mellora no acceso a Lousada de Baixo desde a estrada LU-1611-P, co obxectivo de facilitar a mobilidade e incrementar a seguridade viaria nesta zona do municipio.

A intervención busca optimizar as condicións de circulación nun punto frecuentado pola

veciñanza, contribuindo a facer máis seguros e cómodos os desprazamentos diarios.

Desde o goberno local destacan que este tipo de actuacións forman parte do compromiso municipal por mellorar as comunicacións no rural e atender as necesidades da cidadanía, co fin de favorecer a calidade de vida no conxunto do territorio.

As zonas Fargos, Merío e Costante xa son accesibles



O Goberno local continúa a desenvolver o seu plan de posta a punto das vías municipais con novos traballos de mellora nos accesos ás zonas de Fargos, Merío e Costante. Estas intervencións enmárcanse nun programa máis amplo de acondicionamento da rede viaria local, especialmente nas áreas rurais, onde as comunicacións resultan clave para o día a día da veciñanza.

As actuacións inclúen tarefas de reparación do firme, limpeza de cunetas e mellora da drenaxe, co obxectivo de garantir

unha circulación máis segura e cómoda. Deste xeito, búscase facilitar a mobilidade tanto dos residentes como dos servizos que transitan habitualmente por estas vías, reducindo riscos e mellorando o estado xeral dos accesos.

Esta iniciativa supón un novo paso no compromiso do goberno local coa mellora das comunicacións no rural e coa calidade de vida da poboación, apostando por actuacións que contribúan a fixar poboación e a dinamizar o territorio.

O Máster de Fútbolín de Rábade reuniu case 800 xogadores

Rábade converteuse no epicentro do fútbolín a nivel estatal co Gran Máster Nacional, unha cita que reuniu 347 equipos e preto de 800 xogadores de diferentes puntos do país. A vixésimo sétima edición foi definida como “moito máis ca unha competición” polo presidente da peña organizadora Bola Meiga, José Manuel Candal.

O campionato repartiu arredor de 17.000 euros en premios entre as distintas categorías. Nas dúas probas principais, os títulos foron para a parella formada por Brian e Villa, de Valladolid, na modalidade de parado, e para Iván, de Melide, e Alejandro, de Asturias, en movemento.

Os segundos postos foron para Daniel e Javi, de Cantabria, e Óscar Alfaro (pai e fillo), de Málaga.



Na proba combinada, o triunfo foi para Tomás e Nino, de Pontevedra, e na categoría feminina fixo o propio o equipo de Patricia e Marta, de Pontevedra e León. Na nova categoría de dobres mixtas, o título foi para Nerea de Alicante e Óscar de Málaga. A nivel individual, destacou Óscar Villa como mellor xogador e Marta como mellor xogado-

ra. O mellor porteiro foi Óscar Alfaro padre e o xogador máis regular Alejandro, de Asturias. A representación galega tivo tamén un papel destacado, con xogadores que acadaron importantes resultados. A ampla participación e a diversa procedencia dos competidores evidencian a consolidación do evento a nivel nacional.

CERVANTES: Benigno Gómez

“Cervantes tivo unha gran transformación estes anos”



Benigno Gómez leva desde 2007 á fronte da Alcaldía de Cervantes, tempo no que se levaron a cabo grandes proxectos, aínda que o máis importante está por chegar: a residencia

Explíquenos un pouco como se iniciou na política e como se vinculou ao seu partido.

No ano 1987 entrei neste concello como tenente de alcalde. Son unha persoa á que lle gusta manter relacións públicas con todos os veciños. Xa estaba vinculado ao Partido Socialista desde antes, pero foi en 1987 cando comecei a traballar no concello.

Como deu o salto o recibiu o impulso para ser alcalde?

Estiven 20 anos xunto ao anterior alcalde como tenente de alcalde, ocupándome da relación cos veciños, algo que realmente me gustaba. Á vez levaba a miña taberna e exercía como tenente de alcalde. En 2007 accedín ao cargo de alcalde, polo que case levo 40 anos vinculado á política

local. No ano 1987 había moitas corredeiras e hoxe contamos con 300 km de pistas municipais, xa que se trata dun concello moi extenso, con 130 aldeas, 277 quilómetros cadrados e 21 parroquias. As aldeas son, na súa maioría, pequenas e moi dispersas, o que fai que sexa difícil prestar servizos cun concello con poucos recursos e capacidade presupostaria limitada. Actualmente somos 1.140 veciños, e traballamos moito, pero cando entrei había 3.500.

A nivel persoal, que sacrificios supón formar parte do Goberno do Concello?

O alcalde ten que estar a diario ao lado do veciño, día e noite. Ten que estar ao servizo do veciño. Por iso es alcalde. A diario mellorar a vida do veciño dentro da capacidade orzamentaria que tes. Non queda outra. Tes que perder moitos días, moitos tempos. Moitas horas e moitas veces de día e de noite, porque moitas veces de noite tes que estar máis calquera hora por calquera cousa urxente que necesita o veciño. E tes que, alcalde, tes que estar. Non podes quedar na casa.

E beneficios?

Ten que gustarache. Se che gusta a relación pública, estar do lado do veciño, pois é algo que fas sempre con boa vontade, é algo que che ten que gustar. É vocación de servizo público. Eu nunca tiven vocación política porque tiña a miña taberna e un ultramarinos, vivía do meu traballo, pero tamén gústame ser alcalde.

Como equilibra a vida pública e a privada?

A vida pública e privada é a mesma, hai que ilo levando, non é fácil.

Cales son os seus obxectivos a nivel político?

Ningún, eu nunca quixen ser deputado nin nada, non, porque me chegaba coa Alcaldía e coa taberna, nunca quixen subir



máis alto que ser alcalde.

E se renova na Alcaldía cales son as principais actuacións previstas?

Na alcaldía sempre hai moito que facer, non todo o das feito porque a capacidade orzamentaria te amarra vivo, non podes pasarte de aí. É imposible facer todo. Neste concello pequeno, con pequeno orzamento, é complicado. O noso maior proxecto é a residencia de maiores, que saíu pero non por culpa da Deputación, foi culpa nosa, porque somos nós os que temos que conseguir terreos, e vímonos e desexámonos para facelo; pasamos bastantes anos. A ver se sacamos agora a licitación para a residencia de anciáns. Cando renovemos a Alcaldía, temos que poder darlle a Cervantes unha residencia de anciáns.

Cales son as principais liñas do seu programa?

O mantemento dos servizos, porque no rural se te quedas sen servizos, non hai maneira de que veña xente nova ao rural. Xa é difícil que se quede no rural, pero sen servizos é difícil, necesitamos servizos, pero é complicado ao baixar a poboación. En Cervantes en particular, somos maiores todos, maiores de 60 anos, maiores de 65. Xente nova temos moi pouca, porque a xente nova vai a Lugo e a Ponferrada, ven os fins de semana a ver á familia, pero non viven, non hai servizos e necesitamos servizos.

Cales considera que son as principais necesidades no seu concello?

Hai un problemática importante agora mesmo que é no ámbito sanitario, xa que antes conta-

bamos con tres médicos e tres enfermeiros, e agora quedamos cun médico e un enfermeiro. E temos un consultorio médico, e un centro de saúde. A dispersión aquí, como é tan grande, que se marcha un médico para algún domicilio xa queda pechado o centro de saúde. Agardamos a ver se nos poden repoñer os que nos marcharon. E tamén a ver se acaba de poñerse a fibra óptica, porque é algo interesante para consolidar á xente nas aldeas, que moitos poidan teletraballar.

De que proxectos se sente máis orgulloso?

Cando entrei estábanse poñendo os TPS, os teléfonos públicos de servizo. No 88, 89, 90 empezamos aquí a instalar. E despois empezouse a poñer o alumado público polos 90 e poucos. Son moitas aldeas. Ao final, dáche bo tempo, porque a capacidade que tes de orzamento é pequena. E se non tes axuda da Xunta ou da Deputación, pois estás copado. Cervantes tivo unha gran transformación durante estes anos, pero quedánsenos as aldeas baleiras e iso é un gran problema.

Que lle gustaría que os veciños visen en vostede como alcalde?

Iso deberían opinalo eles. Estou moi agradecido cos veciños, porque confiaron en min durante tantos anos, a verdade. Para min é un orgullo ser alcalde de Cervantes. É algo que ten vocación persoal.

Como é a súa relación coa oposición?

Unha relación boa. Sempre teño en conta a todos os veciños, sexan da ideoloxía que sexan. Eu vivo con todos aquí e temos boa relación.

DATOS

HABITANTES: 1.142.

PARROQUIAS: 21.

EXTENSIÓN: 276,4 km².

PARTIDO XUDICIAL: Becerreá.

CORPORACIÓN: 5 concelleiros do PSOE e 4 do PP.

ALCALDE: Benigno Gómez.

VOCEIRO PSOE: Óscar Fernández.

EN CLAVE PERSOAL

• Idade, estado civil e familiar

73 anos e solteiro

• Profesión e formación

Autónomo e taberneiro

• E se non o fose, que lle gustaría ser?

Eu vivín o de ser taberneiro, foi un negocio familiar, gustábame, nacín na taberna

• Que quería ser de maior?

Cando era pequeno pensaba que me ían mandar ao Seminario para facerme cura

• Que fai para desconectar?

Contacto co medio ambiente, andar e desfrutar as paisaxes, tamén me gusta falar en persoa

• Unha virtude e un defecto

Non sei, terán que dicilo os demais, todos temos

• Un consello para compartir

Hai que ter iniciativa e ganas de traballar

• Un libro, unha película ou/e un grupo de música/cantante

Calquera libro de Historia; non vexo películas nin a televisión; e gústan-

me as cancións galegas, sobre todo

• Unha afección

Gústame ler

• Un lugar que visitar

Estiven en Madrid no ano 73 na Feira Internacional do campo e vin máquinas de Alemaña

• Unha comida e unha bebida

Bebo auga e viño; e como de todo

• Unha personaxe admirada

Os meus pais, o alcalde anterior a min...

• Unha posesión prezada

O coche, que fai falta no rural

• Un desexo

Que teñamos saúde e que todo se arranxase

• Algo para esquecer

Non teño nada que esquecer

• Que é o que máis valora nunha persoa?

Que sexa responsable

• Un desafío pendente

Niso non penso xa, todo traemos a morte con nós

• Onde se ve en cinco anos?

Se sigo así e teño saúde, viaxando

DEPUTACIÓN

A presidenta reúne con Rueda e presenta un decálogo de medidas

A presidenta da Deputación de Lugo, Carmela López, unha reunión institucional co presidente da Xunta de Galicia, Alfonso Rueda, no despacho presidencial de San Caetano, nun encontro que se prolongou durante case dúas horas e no que se abordaron os principais retos e necesidades da provincia.

A reunión fora solicitada pola presidenta no mes de xaneiro, coincidindo co inicio do seu mandato á fronte da institución provincial, co obxectivo de establecer unha canle directa de diálogo e cooperación entre ambas administracións.

Durante a xuntanza, Carmela López fixo entrega ao presidente da Xunta do documento Decálogo para o futuro da provincia de Lugo, no que se recollen dez liñas estratéxicas orientadas a reforzar os servizos públicos, apoiar o municipalismo e impulsar o desenvolvemento económico e social do territorio.

Este documento estrutúrase arredor de ámbitos clave como a administración local, os servizos sociais, as infraestruturas, a sanidade, a educación, o ámbito universitario, a política industrial, a vivenda, o transporte público e a prevención de lumes.

No ámbito institucional, a Deputación trasladou as alegacións presentadas ao anteproxecto de Lei de Administración Local de Galicia, incidindo na necesidade de revisar en profundidade o texto para garantir o respecto á autonomía local. Neste sentido, a presidenta advertiu de que o actual anteproxecto amplía as obrigas e competencias dos con-



cellos e deputacións sen incorporar un financiamento suficiente, o que pode comprometer a súa capacidade de actuación. Así mesmo, puxo o acento na importancia de definir con claridade as competencias municipais e de garantir un modelo de financiamento estable, transparente e adaptado á realidade do territorio. López trasladou aos medios de comunicación a boa acollida que tiveron as alegacións da Deputación ao anteproxecto, “agradeceu o ton construtivo das nosas propostas e o presidente comprometeuse a fixar un novo encontro Xunta-Deputación despois da Semana Santa para analizar as alegacións presentadas por nós nese sentido”.

En materia de servizos sociais, López puxo en valor a rede pública provincial de centros de atención a maiores, que proxecta 18 residencias que supoñen máis de 650 prazas e centos de empregos directos, e trasladou a

necesidade de que a Xunta participe no seu financiamento ou as integre na rede autonómica. “Rueda dixo un non rotundo a colaborar coas nosas residencias ata que a Xunta de Galicia non teña rematado o seu plan de residencias, pero as competencias de servizos sociais son da Xunta e non pode esquecerse”.

Así mesmo, incidiu na situación do Servizo de Axuda no Fogar, no que o incremento de custos está a recaer de maneira crecente nos concellos, polo que se solicitou a actualización dos módulos autonómicos para garantir a súa viabilidade.

No ámbito das infraestruturas, abordáronse proxectos estratéxicos para a provincia, como a VAC Costa Norte na Mariña, a Rolda Leste de Lugo ou a autovía Nadela-Monforte. Tamén se expuxo a conveniencia de transferir á Xunta aquelas estradas provinciais que cumpren unha función de vertebración autonómica.

O Pleno valora os 25,5 millóns de euros do Plan Deputación

O Goberno provincial levou ao Pleno ordinario do mes de marzo o debate e aprobación da relación de actuacións e proxectos que poderán levar a cabo os 67 concellos de Lugo ao abeiro do Plan Deputación 2026. Esta ferramenta, que é o principal instrumento de cooperación cos municipios da institución provincial, impulsará este ano con 25,5 millóns de euros de fondos públicos: 300 actuacións, 274 novos postos de traballo e máis de 200.000 horas de axuda no fogar para 2.000 persoas.

A Deputación achega a este Plan un total de 22,25 millóns de euros, unha cantidade coa que o Goberno provincial reforza o seu compro-

miso de cooperación cos concellos para que poidan manter e mellorar a prestación de servizos á cidadanía. O Plan Deputación, que conta tamén cunha aportación de 3,26M€ dos concellos, ten tres eixos importantes: investimentos, servizos sociais e emprego.

Este programa responde ás necesidades concretas de cada municipio, reforzando a súa autonomía e responsabilidade. Ademais, garante unha distribución dos fondos transparente e baseada en criterios obxectivos, favorecendo así a equidade e o desenvolvemento equilibrado do territorio. O reparto baséase na ponderación dos concellos en

canto a poboación (40%); núcleos de poboación (25%), superficie (20%), ou o envellecemento da poboación (15%), cun límite por municipio dun mínimo de 150.000€ e un máximo de 600.000€.

A aprobación en decembro das bases e do reparto municipal permitiu ás entidades locais planificar as accións municipais con maior antelación e traballar con máis previsión e tempo, de forma que poden aproveitar mellor estes recursos. De feito, este é o sexto ano consecutivo que o Executivo provincial saca adiante o reparto deste programa no exercicio anterior ao seu período de vixencia.

Investirá nas Reservas da Biosfera 340.000 euros

A Xunta de Goberno aprobou unha nova edición das axudas dirixidas ao tecido asociativo das Reservas da Biosfera Terras de Miño e Os Ancares Lucenses. A institución provincial destinará 340.000€ a entidades sen ánimo de lucro que desenvolven a súa actividade nestes territorios, a través de diferentes convocatorias. Así o deu a coñecer o Deputado de Promoción Económica e Social, Pablo Rivera Capón, tras a reunión semanal.

Rivera Capón explicou que estas axudas enmárcanse no compromiso da Deputación coa conservación e dinamización socioeconómica das Reservas da Biosfera e que se convocarán dúas liñas de axudas para actividades, como xa se fixo o pasado ano.

As accións encamiñadas a promover a posta en valor do patrimonio natural, cultural e paisaxístico destes territorios contarán cun orzamento total de 150.000€: 100.000€ para repartir en proxectos que se enmarquen en Terras do Miño e outros 50.000€ para iniciativas que

se desenvolvan nos Ancares. Os solicitantes poderán recibir unha achega económica de entre 2.000 e 12.000€ - con posibilidade de anticipo de ata o 50%- para destinar á reposición de sendas e camiños; conservación de elementos culturais e etnográficos como hórreos, pallozas ou muíños; proxectos que promovan a divulgación do patrimonio das Reservas; ou para fomentar o emprego e a produción local tradicional.

As actividades relacionadas co lecer saudable e a educación ambiental contarán un ano máis cun total de 190.000€: 120.000€ a repartir entre os colectivos que propoñan iniciativas no marco das Terras do Miño; e outros 70.000€ para propostas que teñan lugar nos Ancares Lucenses. Os solicitantes poderán pedir, novamente, entre 1.000€ e 7.000€ por cada proxecto. O prazo de presentación de solicitudes será de 15 días hábiles desde o día seguinte á publicación das axudas no Boletín Oficial da Provincia, prevista para despois da Semana Santa.

O PSdeG defende a autonomía local, a paz e o dereito internacional

O Grupo Socialista defendeu no Pleno dúas iniciativas centradas na defensa do municipalismo e dos servizos públicos, así como no compromiso coa paz e co dereito internacional. Por unha banda, presentou unha proposta de Goberno en defensa da autonomía local e do financiamento dos concellos e deputacións fronte ao anteproxecto de Lei de Administración Local de Galicia impulsado pola Xunta; e, pola outra, levou unha moción en defensa da paz e da resolución diplomática dos conflitos.

A primeira das iniciativas aborda o anteproxecto de Lei de Administración Local impulsado pola Xunta, que o PSdeG considera que “lonxe de fortalecer o municipalismo, debilita a autonomía dos concellos e das deputacións, amplía as súas obrigas sen financiamento e incrementa o control da Xunta sobre as entidades locais”.

O Grupo denuncia que o texto nace con importantes deficiencias, tanto no procedemento de elaboración,

ao omitir a consulta pública previa e as memorias económicas preceptivas; como no seu contido, ao introducir cambios que afectan directamente á capacidade de autogoberno das entidades locais.

A segunda iniciativa é unha moción en defensa da paz e do dereito internacional ante a escalada en Oriente Medio, unha situación que, segundo explica Pilar García Porto, “non pode resultarnos allea, nin como persoas, nin como galegas e galegos”.

Subliña o alto custo humano, social e económico dos conflitos armados e advirte que as súas repercusións globais tamén afectan a territorios como a provincia, co seu marcado carácter gandeiro. Lembran que Lugo xa “sufriu dun xeito agudo as consecuencias da guerra de Ucraína sobre os prezos do diésel ou das forraxes” e alertan de que “un novo incremento do prezo do combustible ou o peche de rutas comerciais fundamentais pode ser un novo golpe importante para a nosa economía”.

DEPORTES

O CD Lugo non consegue consolidar o 'playoff'



O Club Deportivo Lugo segue sen consolidar o seu posto nos *playoffs* tras encadear tres partidos sen gañar no Anxo Carro. A situación levou á directiva a despedir a Yago Iglesias en marzo, despois do empate do equipo contra o Arenas Club de Getxo e da derrota por 0-4 ante o Real Madrid Castilla tamén no seu estadio. Álex Ortiz asumiu o cargo de técnico e conseguiu unha vitoria no seu primeiro encontro á fronte do primeiro equipo albivermello fóra de casa, ante o Cacereño. Porén, no seguinte partido no Anxo Carro, o equipo da 1ª RFEF volveu caer por 0-1 ante o colista, o Osasuna B, deixando ao Lugo na oitava posición, aínda susceptible de variar nas próximas xornadas se o equipo logra recuperarse e sumar vitorias.

LALIGA GENUINE. O Club Deportivo Lugo Genuine recibiu a visita do vicepresidente da Deputación de Lugo, Efrén Castro, quen se achegou ás instalacións do Ceao para coñecer de primeira man o labor social que o club desenvolve a través deste equipo inclusivo. Durante a xornada, compartiu tempo cos xogadores e xogadoras, interesándose pola súa rutina diaria, experiencias no equipo e o impacto positivo desta iniciativa nas súas vidas. Como o compañeirismo, o respecto Desde o club agradeceron especialmente o apoio da Vicepresidencia da Deputación de Lugo, que contribúe a que o equipo Genuine continúe medrando e xere un efecto positivo na sociedade.

O FSF Castro Castro conquista a súa primeira Copa Galicia



O FSF Castro Bloques Cando fixo historia ao proclamarse campión da Copa Galicia feminina por primeira vez, tras vencer ao Poio Pescamar por 2-3 nun encontro disputado no Pavillón Municipal de Pontevedra. O duelo comezou cun gol de Élia, pero o Castro reaccionou antes do descanso grazas a Patricia Ortega, que devolveu as táboas ao marcador. Na segunda metade, o equipo lucense mostrouse superior e levou

a iniciativa do xogo. Patricia Ortega estivo preto de completar a remontada a 11 minutos do final. O segundo tanto chegou a 7.48, cando Antía Pérez asistiu ao segundo pau e Luana anotou. Antía Pérez ampliou a vantaxe a 3.33 do final cun gol a porta baleira. Aínda así, o cadro local non se rendeu e Ale de Paz recurrou diferenzas a 2.47, chegando incluso a rozar o empate cun disparo ao pau nos últimos instantes.

Estreouse o novo videomarcador do Pazo, un fito para a cidade

Estreouse o novo videomarcador do Pazo: un equipo LED de gran formato e esquinas curvas, suspendido sobre o centro da pista. O partido entre CB Breogán e Baxi Manresa foi, como estaba previsto, o escenario da estrea do novo equipamento que dá un salto audiovisual e tecnolóxico ao recinto deportivo.

O vicepresidente da Deputación de Lugo Efrén Castro destacou "o funcionamento do videomarcador moderniza o Pazo e abre novas posibilidades para acompañar o espectáculo deportivo que supón cada partido" e valorou "as impresións moi positivas que recibimos en relación con este novo equipo". O responsable provincial, que agradeceu o "traballo realizado nas últimas semanas polo persoal do Pazo e de Mondo para completar a instalación", encadrou "a instalación do videomarcador no compromiso da Vicepresidencia da Deputación coa mellora do Pazo, con actuacións en diferentes



ámbitos nos últimos anos, desde a renovación da iluminación ou a limpeza da fachada ata a impermeabilización da cuberta". O novo videomarcador, que supuxo un investimento de 283.000 euros, está formado por un prisma rectangular LED de 50 m² de esquinas curvas, complementado por un anel LED inferior de 8 m² coa mesma forma.

En conxunto, dispón de 58 m² de superficie audiovisual, capaz de mostrar en alta calidade repeticións, gráficos, publicidade, estatísticas e retransmisións en directo. As pantallas, de tecnoloxía led SMD e pitch 3,9 mm, ofrecen un altísimo brillo e un amplo ángulo de visión garantindo unha boa visibilidade desde calquera punto do recinto.

O CN PortaMiñá segue sumando éxitos e recibiu unha homenaxe

O Club Natación PortaMiñá participou no Campionato de España Infantil de Inverno celebrado en Sabadell, onde puxo o broche a unha competición marcada polo esforzo colectivo e por uns resultados que evidencian o traballo desenvolvido nos últimos meses. Entre as actuacións máis salientables destacou Celia López-Freire Francia, que conseguiu a medalla de bronce na final júnior dos 200 metros costas na categoría de 16 anos, cun tempo de 2:22.05, confirmando así o seu bo momento de forma.

Outro dos grandes éxitos chegou da man de Inés Mourenza, que se proclamou campioa de España nos 400 metros estilos na categoría absoluta xove. A nadadora logrou o primeiro posto cun tempo de 5:08.32, nunha actuación que reflicte o seu esforzo, a constancia nos adestramentos e o talento demostrado na piscina. Pola súa parte, Brais Novo competiu na final B dos 50 metros braza, onde acadou un tempo de 29.15 que lle permitiu rematar na oitava posición.



Adrián Fernández foi outro dos nomes do campionato, ao finalizar na 8ª posición na final A dos 400 estilos cun tempo de 4.53.81, que supuxo a súa mellor marca persoal. O nadador completou a súa participación cun 10º posto na final B dos 100 braza (1.12.53), un 1º lugar na final B dos 200 estilos (2.17.50), tamén con mellor rexistro persoal, e un 10º posto na final A dos 400 libres, cun tempo de 4.24.10. Patricia López competiu nos 800 libres, onde acadou a 21ª posición cun tempo de 9.48.75, mellorando

a súa marca persoal. Alba Lema participou nos 50 costas, finalizando na 37ª posición cunha marca de 32.82, que tamén supuxo unha nova mellor marca persoal. O club destacou tamén o labor do seu adestrador, Iván Balboa, polo acompañamento e traballo realizado. Ademais, o Club Deportivo Lugo rendeu unha homenaxe aos equipos feminino e masculino do Club, en recoñecemento á súa traxectoria recente, culminada co dobre ascenso á Primeira División Nacional de natación.

“O ambiente do Pazo é algo que hai que vivir”

Falamos con Francisco Fernando Alonso Martínez (Málaga, 1996), coñecido como Francis Alonso, xogador de CB Breogán desde xullo de 2025

Diego Rouco.

Na historia do Club Baloncesto Breogán, varios xogadores vestiron a camiseta da Selección Española, como Manel Sánchez, Javi Rodríguez, Sergi García ou Eric Vila. Esta tempada, engadimos un xogador máis a esta lista. O seu nome é Francisco Fernando Alonso Martínez (Málaga, maio de 1996), pero é coñecido deportivamente como Francis Alonso, xogador de CB Breogán desde xullo de 2025.

A que idade comezou a xogar a baloncesto?

Comecei moi pequeno e dunha forma moi natural, xa que pertenzo a unha familia con moito deporte. O meu pai é adestrador e o meu irmán tamén xogaba na canteira de Unicaja. Así que, desde que teño recordo, houbo balóns de baloncesto e canastras ao meu arredor.

En cantos equipos xogou?

Formei en Unicaja ata que

apareceu a opción de ir a Estados Unidos. Alí xoguei no instituto e na universidade. Ao regresar pasei por Fuenlabrada, Oviedo, Málaga, Bilbao e Estudiantes de Madrid, ata chegar ao Breo.

Despois de estudar e xogar en EE. UU., que diferenzas atopa co xogo en Europa e, en concreto, coa ACB?

É posible que cada vez existan menos diferenzas, pero quizais en Europa o xogo sexa máis táctico e na NCAA prime moito máis o físico, a velocidade e o xogo individual.

Cal é o mellor recordo que ten da súa traxectoria ata hoxe?

Intento quedarme co bo de cada etapa e considérome afortunado de ter tomado decisións como cruzar o charco e ir a Estados Unidos. Foi unha gran experiencia que, sen dúbida, marcou a miña forma de ser persoal e profesional. Pero de cada equi-

po e de cada cidade levo cousas. Poder xogar na miña cidade, Málaga, por exemplo, é algo moi especial.

Como remata un malagueño fichando por un equipo de Lugo?

Coas chamadas de Tito e de Luis, adestrador ao que xa coñecía de Málaga. Abríase a opción de vir a un sitio onde o equipo ten unha gran importancia e onde a cidade se entrega. Algo que xa comprobara as veces que vin como visitante.

Agora que leva un tempo na cidade, que é o que máis lle gusta de Lugo?

É unha cidade tranquila e moi agradable. Por suposto, hai que visitar a Muralla Romana e o casco histórico. Ten tamén un contorno natural espectacular.

Que destacaría da afección do Breogán?

É espectacular. Apóiante moito antes de comezar o partido e tamén transmiten o seu agarimo na rúa



e a través das redes sociais. O ambiente do Pazo é algo que hai que vivir.

Como é traballar con Luis Casimiro?

É un adestrador con moita experiencia e coñecémonos moi ben. Sabe dar confianza sendo moi esixente e ten unha gran capacidade para motivar o equipo, mantendo os pés na terra, buscando o mellor de cada un e o mellor para o grupo.

Cando en novembro recibiu a chamada da Selección Española, que foi o primeiro que lle pasou pola cabeza?

Sempre é unha honra e un re-

coñecemento ao traballo diario que te chamen da Selección do teu país. Foi unha gran alegría e tamén unha responsabilidade. Cal é a aposta de Francis Alonso como equipo gañador da ACB esta tempada... que non sexa o Breogán?

É unha pregunta moi difícil. Vese na Copa que calquera dos equipos que están arriba pode loitar polo título. Non me atrevo a dar un prognóstico, pero vista a igualdade e a calidade dos cadros de xogadores, será un título con enorme mérito para o campión.

O II Torneo de Xadrez Intercentros congregou 152 estudantes de 8 centros

A Praza de Bastos acolleu o II Torneo de Xadrez Intercentros, unha iniciativa organizada pola Concellería de Educación en colaboración coa Escola Luguesa de Xadrez. O evento reuniu a 152 estudantes procedentes de oito institutos de Lugo, transformando o espazo nun auténtico escenario dedicado ao xadrez. O torneo disputouse en formato de cinco roldas, cun ritmo de xogo de 10 minutos máis 3 segundos por xogada, o que permitiu partidas áxiles e moi competitivas. Ao longo da xornada vivíuse un excelente ambiente de convivencia e deportividade, no que o alumnado amosou non só o seu nivel de xogo, senón tamén valores como respecto, concentración e compañeirismo. A colaboración do IES Sanxillao

contribuíu ao bo desenvolvemento da actividade ofrecendo aperitivos quentes aos participantes, un detalle moi valorado polos 152 xogadores, que puideron recuperar forzas entre rolda e rolda. Na clasificación individual, os gañadores foron Guillermo López Jaimes (1º ESO, IES Xoán Montes), Mauro Maseda Iglesias (2º ESO, IES Lucus Augusti), Mateo Marcos Barreira (3º ESO, IES Leiras Pulpeiro), Uxío Vilariño Lorenzo (4º ESO, IES Ánxel Fole), Marcos Vega Varela (1º Bacharelato, IES Ánxel Fole) e Alejandro Franco Losada (2º Bacharelato, IES Sanxillao). Na clasificación por equipos, o IES Ánxel Fole acadou o primeiro posto, seguido do IES Lucus Augusti en segunda posición e do IES Leiras Pulpeiro en terceira.

A segunda edición do Torneo de Xadrez Intercentros consolídase como unha cita destacada no calendario educativo da cidade, fomentando o interese polo xadrez entre a mocidade e promovendo o uso dos espazos públicos como lugares de encontro, aprendizaxe e participación.

CAMPIONATOS GALEGOS. A Escola Luguesa de Xadrez tivo unha actuación sobresaliente nos Campionatos Galegos Sub-10 e Sub-16, converténdose nunha das expedicións máis numerosas do torneo, con 18 xogadores, dos que 12 competiron en Sub-16 e 6 en Sub-10.

Na categoría Sub-16, os xogadores da escola demostraron un dominio evidente, mantendo tres dos seus representantes nas primeiras me-



sas de forma constante ao longo de todas as roldas. O resultado máis destacado foi o de Uxío Vilariño, que logrou o subcampionato galego Sub-16 tras unha última rolda na que catro xogadores se disputaban o título. Vilariño rematou con 6,5 puntos e sumou 40 puntos ao seu ranking internacional. Tamén brillou Luis Barreiro, que dominou as seis primeiras roldas ga-

ñando todas as súas partidas. Aínda que non puntuou nas dúas últimas, finalizou en quinto lugar con 6 puntos e mellorou 21 puntos no ranking internacional.

Marcos Iglesias, que competiu na categoría Sub-14, completou o torneo sen perder ningún encontro, rematando en sexta posición e acadando un notable incremento de 53 puntos no ranking internacional.

LUGOXA

Para calquera suxestión, información ou comentario non dubide en poñerse en contacto con nós.

Edición: PORTAS COMUNICACIÓN S.L.

Dirección: Diego E. García Puente

Teléfono: 661 464 323

E-mail: redaccion@lugoxa.com

Impresión: Tameiga Publicacións S.L.

Dep. Legal: LU 56-2021

DE RUTA EN RUTA

Ruta da Capela de San Mamede en Triacastela

A pesar de ser unha ruta relativamente curta e accesible, ofrece varios puntos de interese

A Ruta da Capela de San Mamede en Triacastela é un itinerario circular que arrinca e finaliza no propio municipio, facendo parada na Capela de San Mamede e completando un percorrido total de 4 quilómetros. A dificultade considérase moderada, aínda que hai un par de pendentes máis esixentes nas que se recomenda avanzar con coidado.

O tempo estimado para completar o camiño completo é de aproximadamente 1 hora e 15 minutos, partindo dunha altitude de 709 metros no Concello de Triacastela e chegando aos 837 metros na Capela, cun desnivel total de 188 metros.

O itinerario arrinca nos arredores do Concello de Triacastela e os primeiros metros discorren xunto ao río Oribio, un tramo sinxelo cunha leve pendente. Case toda a ruta atravesa fermosos bosques nos que non faltan castiñeiros, carballos e bidueiros.

A medida do percorrido, abandónase o río Oribio para iniciar un pequeno ascenso seguindo

o Rego do Abrairal, un dos seus afluentes, que leva ao último tramo co desnivel máis marcado de toda a ruta ata alcanzar a Capela de San Mamede.

Creada no ano 2019, a ruta acadou rapidamente unha notable popularidade entre os veciños e tamén entre os peregrinos que chegan a Triacastela a través do Camiño Francés. O sendeiro transcorre por unha zona integrada na Rede Natura, onde se protexen diversas especies de flora e fauna. O Concello de Triacastela decidiu modificar o plan inicial dunha ruta de 2,5 quilómetros que saía do municipio e chegaba á Capela de San Mamede, transformándoa nun percorrido circular de 4 quilómetros que comeza e remata preto do monumento ao peregrino. Grazas ás melloras introducidas e á colocación de escaleiras de madeira, a ida e a volta fanse por traxectorias diferentes, compartindo só un pequeno treito ao inicio e ao final, e transitando case sempre por sendeiros antigos, evitando en gran medida o asfalto.

A pesar de ser unha ruta relativamente curta e accesible, ofrece outros puntos de interese. Durante o camiño pódense contemplar dúas alvarizas, construcións circulares de pedra usadas antigamente para resgardar as colmeas do mal tempo e dos depredadores, unha fonte e, por suposto, a propia Capela de San Mamede. Esta pequena edificación relixiosa sitúase nun alto da serra, desde onde se pode gozar dunha panorámica excepcional da contorna montañosa.



DATOS



1 horas



4,5 quilómetros



Dificultade sinxela



Porta Santiago



Hostal



Cela

ALQUILER DE HABITACIONES
Y APARTAMENTOS

619 376 877

Con baño, TV y caja fuerte, Wi-Fi...
Para pensionistas, trabajadores, estudiantes
CON O SIN PENSIÓN COMPLETA